

> 2	INTRODUCCIÓN
> 4	CONSULTAS E QUEIXAS CONSULTAS QUEIXAS
> 28	ANÁLISE DE DATOS CASOS POR COLECTIVOS CASOS POR CAMPUS CONSULTAS POR COLECTIVOS QUEIXAS POR COLECTIVOS CASOS POR SEXO CASOS POR ÁREA TEMÁTICA CASOS POR CENTROS CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS TEMPO DE RESOLUCIÓN ACTUACIÓNS POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO
> 35	RECOMENDACIÓNS / SUXESTIÓNS
> 35	OBXECTIVOS
> 36	PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO
> 37	ANEXOS



VALEDOR UNIVERSITARIO MEMORIA
SETEMBRO 2012 / AGOSTO 2013

O artigo 22 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle: “O valedor universitario presentará una memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña”.

Na presente memoria resúmense os casos tratados na Oficina do Valedor Universitario e as recomendacións e suxestións formuladas durante o curso académico 2012/13, ao tempo que se presentan os obxectivos para o curso 2013/14.

A preparación dunha memoria é sempre unha boa ocasión para reflexionar sobre o que se fixo, como se fixo e en que se pode mellorar. Esta reflexión resulta especialmente necesaria cando se está a franquear o ecuador dun mandato para o que un foi elixido por un representativo conxunto de compañeiros dos diversos sectores da comunidade universitaria. A confianza debe ser sempre correspondida e máis aínda cando a responsabilidade depositada nun é a de participar en primeira liña na defensa dos dereitos e das liberdades de todos os membros da devandita comunidade e mais a de velar pola calidade universitaria en todos os ámbitos.

Como valedor universitario preocúpanme en primeiro lugar todos e cada un dos casos que chegan á Oficina por canto que detrás de cada un hai persoas que poden estar a sufrir actuacións indebidas por parte doutros membros da comunidade universitaria, ás que poden estar a serlles aplicadas normas ou regulamentos susceptibles de mellora, ou mesmo simplemente que precisan de alguén que as escoite en confianza e desde a imparcialidade e a independencia.

A clarificación dos feitos e a procura de solucións a todas as situacións de conflito deben continuar a ser a primeira das preocupacións da Oficina do Valedor Universitario, mais o seu titular debe dar un paso máis aló na procura de que se corrixa as anomalías que están na súa orixe. As recomendacións e as suxestións aos distintos órganos de goberno e servizos da universidade son un importante instrumento para a mellora da calidade universitaria, pero esta importante ferramenta só será realmente eficaz na medida en que estes órganos e servizos estean verdadeiramente dispostos a colaborar. Afortunadamente a colaboración e a participación activa son a norma, pero é tamén tarefa do valedor universitario procurar por todos os medios ao seu alcance tratar de evitar as excepcións.


No seu papel de velar polos dereitos e as liberdades dos membros da comunidade universitaria e pola calidade universitaria en todos os ámbitos, todos os esforzos que poida facer un valedor universitario sempre serán poucos e máis aínda cando desde fóra da institución universitaria se está a legislar, en ocasións, contra eses propios dereitos, liberdades e calidade.

Cómpre, así, reflexionarmos, por exemplo, sobre o papel que pode xogar un valedor universitario cando, por razóns de índole económica, se están vendo expulsadas da universidade amplas capas da sociedade, ao se incrementaren os prezos públicos e o nivel de esixencia para a obtención e o mantemento das bolsas, mentres que quen dispón de recursos económicos pode continuar a consumir fondos públicos nunha porcentaxe mesmo superior á que se precisaría para a continuidade dos máis desprotexidos. Cómpre tamén pensar en cal é o marco de actuación no que debe moverse un valedor universitario ante situacións derivadas da perda de recursos económicos para a institución e para o seu persoal ou ante as serias limitacións que está a sufrir a autonomía universitaria.

O papel interno parece claro. Un valedor universitario pode e debe participar en todo momento na defensa dos dereitos, das liberdades e da calidade da súa universidade, respectando sempre os límites das competencias doutros órganos e servizos. Ora ben, ¿que facer cando eses dereitos, liberdades e calidade se ven seriamente afectados por actuacións alleas á propia institución? No seo da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU) tense claro que debe imperar a prudencia e a mesura canto a eventuais intervencións ou pronunciamentos da asociación, pero tamén se palpa o consenso sobre a necesidade de intervir ante situacións de conculcación dos dereitos adquiridos ou ante calquera tipo de actuación que afecte negativamente aos dereitos máis básicos das comunidades universitarias. No recente encontro anual da CEDU, que tivo lugar a primeiros de novembro en Sevilla, tiven a honra de ser elixido membro da nova directiva. Na medida das miñas posibilidades, tentarei contribuír a que a CEDU continúe consolidándose como unha importante asociación ao servizo da defensa dos dereitos, das liberdades e da calidade universitaria.

Xa para rematar, non podo deixar de recoñecer un ano máis a sempre voluntariosa e eficaz axuda de dona Rosa González Romero en todos os labores propios da Oficina do Valedor Universitario.

A CORUÑA, 4 DE DECEMBRO DE 2013



CONSULTAS E QUEIXAS

Entre o 1 de setembro de 2012 e o 31 de agosto de 2013 tratáronse na Oficina do Valedor Universitario un total de 84 consultas e 44 queixas, reclamacións ou actuacións de oficio.

Ao igual que en anos anteriores, unha pequena parte das consultas son de natureza simple e de carácter exclusivamente administrativo, polo que se resolveron de inmediato desde a oficina do valedor ou se desviaron ás administracións correspondentes.

Aquelas consultas sobre aspectos en que podería ter cabida máis dunha interpretación son analizadas na propia Oficina desde onde se solicita, con frecuencia, a colaboración de distintos órganos e servizos da administración. Unha parte destas consultas acaban por converterse en queixas ou reclamacións que se incorporan como tal no relatorio de casos.

A maioría das queixas ou reclamacións que chegan á Oficina do Valedor Universitario trátanse amplamente coa parte reclamante por vía telefónica ou presencial; posteriormente analízanse polo miúdo para, a continuación, proceder á fase de conversa e solicitude de alegacións á outra parte en litixio, á recompilación de toda canta documentación e informes foren precisos para a resolución do caso e, finalmente, á redacción do correspondente informe, que se pretende sempre detallado e claramente motivado.

Da análise dalgunhas queixas ou reclamacións acábanse derivando, en ocasións, recomendacións ou suxestións de mellora de normas ou protocolos a diferentes órganos ou servizos.

RELATORIO DE CASOS

1. CONSULTAS

Para cada consulta efectuada á Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O colectivo a que pertence quen a formula.
- O centro ou servizo implicado.
- A data en que se realiza a consulta.
- O asunto obxecto de consulta.

COLECTIVO	CENTRO/SERVIZO	DATA	ASUNTO
Alleos	Vic. Estudiantes, Deportes e Cultura	Setembro/2012	Acceso á titulación de medicina
Estudiantes	EU de Náutica e Máquinas	Setembro/2012	Desconformidade coa cualificación
Estudiantes	EU de Relacións Laborais	Setembro/2012	Cambio de data de exame oficial
Estudiantes	Fac. de Economía e Empresa	Setembro/2012	Desconformidade coa cualificación
Estudiantes	Fac. de CC. da Educación	Setembro/2012	Taxas administrativas
Estudiantes	Fac. de CC. da Educación	Setembro/2012	Bolsas de colaboración do MEC
Estudiantes	EU de Arquitectura Técnica	Setembro/2012	Plans para extinguir
Estudiantes	Fac. de CC. da Educación	Setembro/2012	Cambio de data de exame oficial
Estudiantes	EU de Deseño Industrial	Setembro/2012	Convocatorias de decembro e fin de carreira
Estudiantes	EU de Arquitectura Técnica	Setembro/2012	Plans para extinguir
Estudiantes	Fac. de Economía e Empresa	Setembro/2012	Diferenzas entre guía docente e exames
Estudiantes	Fac. de Filoloxía	Outubro/2012	Bolsas de colaboración do MEC
Estudiantes	ETS de Arquitectura	Outubro/2012	Prórroga do PFC
Estudiantes	EU de Arquitectura Técnica	Outubro/2012	Expediente disciplinario
Alleos	Sección de Títulos	Outubro/2012	Suplemento Europeo ao Título

Estudantes	Fac. de Informática	Novembro/2012	Validacións
Estudantes	Vic. Investigación e Transferencia	Novembro/2012	Contratos pre-doutorais
Estudantes	Fac. de Informática	Novembro/2012	Dereito a exame
Estudantes	Fac. de Dereito	Novembro/2012	Aulas de estudo
PAS	Fac. de Socioloxía	Novembro/2012	Cursos de formación
PDI	Fac. de Informática	Novembro/2012	Promoción profesorado contratado
PDI	E. Politécnica Superior	Novembro/2012	Recoñecemento de FP
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Decembro/2012	Denominación de titulación
Estudantes	Fac. de CC. da Comunicación	Decembro/2012	Premio extraordinario fin de carreira
Alleos	Terceiro Ciclo	Decembro/2012	Publicación da tese de doutoramento
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Decembro/2012	Impedir a realización dun exame oficial
Alleos	Vic. de Planificación Económica e Infr.	Decembro/2012	Pista de tenis
Estudantes	Fac. de Dereito	Decembro/2012	Desconformidade coa cualificación
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xaneiro/2013	Guías docentes
Estudantes	Fac. CC do Deporte e EF	Xaneiro/2013	Oportunidade de xullo
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xaneiro/2013	Revisión de exame
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e P.	Xaneiro/2013	Impresos en lingua galega
PDI	Fac. de Informática	Xaneiro/2013	Promoción PDI contratado
Estudantes	Fac. de CC. da Comunicación	Xaneiro/2013	Plaxio de ideas
PDI	Fac. de CC. da Comunicación	Xaneiro/2013	Oportunidade de xullo
Estudantes	Fac. CC. do Deporte e EF	Xaneiro/2013	Convenios bilaterais
Estudantes	Fac. CC. da Saúde	Xaneiro/2013	Acceso aos programas de doutoramento
Alleos	Secretaría Xeral	Febreiro/2013	Expedientes disciplinarios
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Febreiro/2013	Diferenzas entre guía docente e exames
Estudantes	ETS de Náutica e Máquinas	Febreiro/2013	Denegación de bolsa do MEC
Estudantes	Fac. CC. da Educación	Febreiro/2013	Reclamación de exame
Estudantes	Fac. CC. da Educación	Febreiro/2013	Avaliación por compensación/TFG
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Febreiro/2013	Cambio de data de exames oficiais
Estudantes	Fac. CC. da Educación	Febreiro/2013	TFG
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Marzo/2013	Avaliación por compensación
Estudantes	ETS de Arquitectura	Marzo/2013	Visado para Erasmus/Bilateral
Estudantes	Fac. CC. do Deporte e EF	Marzo/2013	Eleccións a decano
Estudantes	Fac. CC. do Deporte e EF	Abril/2013	Guías docentes
PDI	Fac. de Economía e Empresa	Abril/2013	Gratificacións por razón de servizo
PDI	Fac. de Ciencias	Abril/2013	Guías docentes/protección de datos
Estudantes	E. Politécnica Superior	Abril/2013	Materias sen docencia
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Maio/2013	Avaliación por compensación
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Maio/2013	Cualificación de exame non oficial
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Maio/2013	Denegación de bolsa Erasmus
PDI	Fac. de Socioloxía	Maio/2013	Conflito cun compañeiro
Alleos	ETS Arquitectura	Maio/2013	Estudos en modo non presencial
Alleos	Fac. de Socioloxía	Maio/2013	Comportamento dun profesor
Estudantes	E. Politécnica Superior	Maio/2013	Traslado de universidade
PAS	Fac. de Dereito	Xuño/2013	Medio ambiente
Alleos	Vic. Títulos, Calidade e N. Tecn.	Xuño/2013	Prezos públicos para discapacitados
Alleos	Vic. Títulos, Calidade e N. Tecn.	Xuño/2013	Créditos de libre elección

Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xuño/2013	Cambios na cualificación
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xuño/2013	Cualificación de exame
Estudantes	E. Politécnica Superior	Xuño/2013	Suplemento Europeo do Título
Estudantes	Fac. de Informática	Xuño/2013	Bolsas do MEC
Estudantes	EU Arquitectura Técnica	Xuño/2013	Revisión de exames
Estudantes	E. Politécnica Superior	Xuño/2013	2.ª oportunidade
Estudantes	EU Arquitectura Técnica	Xuño/2013	Avaliación por compensación
Estudantes	EU de Enfermaría	Xullo/2013	Exclusión das bolsas complementarias
Estudantes	Fac. de Ciencias	Xullo/2013	Avaliación de materias
Estudantes	EU Arquitectura Técnica	Xullo/2013	Avaliación de materia
Estudantes	Fac. de CC. da Comunicación	Xullo/2013	Bolsas do MEC
PDI	Fac. de Ciencias	Xullo/2013	Devolución de bolsa
Estudantes	Fac. de CC. do Deporte e EF	Xullo/2013	Comportamento dun profesor
Estudantes	Fac. de CC da Comunicación	Xullo/2013	Revisión de exame
PDI	ETS de Camiños, Canais e Portos	Xullo/2013	Reclamación de materia
Estudantes	Fac. de CC. do Deporte e EF	Xullo/2013	Expulsión dun exame
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xullo/2013	Cualificación de materia
Estudantes	Fac. de Dereito	Agosto/2013	Recoñecementos e validacións
Estudantes	Fac. de Humanidades e Document.	Agosto/2013	Reclamación de cualificación
Estudantes	EU de Deseño Industrial	Agosto/2013	Avaliación por compensación
Alleos	Fac. de CC. do Deporte e EF	Agosto/2013	Traslado de universidade
PAS	Centro de Investigación	Agosto/2013	Pagamento de complemento salarial
Estudantes	Fac. de Enfermaría e Podoloxía	Agosto/2013	Reclamación dunha materia

2. QUEIXAS

Para cada queixa ou reclamación que se presenta na Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O número con que queda rexistrado o caso.
- A data con que se presenta o caso; o número de rexistro avanza normalmente en paralelo coa data de presentación da queixa, pero en ocasións non existe unha clara correspondencia por se tratan de casos que inicialmente chegaron á Oficina como simples consultas e que, co tempo, acaban derivando en verdadeiras queixas ou reclamacións.
- O motivo da reclamación, entendendo como tal o que manifesta a parte reclamante, independentemente da súa veracidade e de que lle asista ou non a razón.
- A data de inicio das actuacións, tomando como tales os primeiros pasos dados de cara á resolución

da queixa: análise de normativa ou contacto con algún órgano ou servizo.

- Os órganos e/ou servizos contactados e/ou a consulta de normativa para o efecto ou de abundante documentación. Baixo a denominación xenérica de "dirección do centro" inclúese xeralmente o contacto directo con decanos/as ou directores/as de centro, mais tamén, en determinados casos, con outros cargos da dirección. De maneira semellante debe entenderse tamén as actuacións con determinadas vicerreitorías, direccións de departamento e outros órganos citados de forma xenérica.
- A resolución da reclamación, incluídos os aspectos máis relevantes e, de ser caso, os órganos e/ou servizos aos que se lles remite o informe.
- A data da resolución, coincidindo coa da remisión do informe final sobre o caso desde a Oficina.

CASO 484/261 Data 05/09/2012

Reclamante: PDI	Motivo	Solicitude da apertura dun expediente informativo para esclarecer a veracidade ou a falsidade das acusacións producidas contra el por parte dun profesor.
Inicio: 06/09/2012	Actuacións	Reitor e secretario xeral.
Remate: 08/11/2012	Resolución	Remítese o asunto ao reitor por medio dun oficio no que o valedor universitario, tras recordar a semellanza deste caso co xa denunciado por un alumno contra ese mesmo profesor (caso de ref. 462/239), solicita expresamente que se atenda a demanda do interesado para que se esclarezan os feitos e se adopten as medidas oportunas. Mediante Resolución reitoral do 8 de novembro de 2012, resólvese incoar expediente disciplinario ao profesor pola presunta comisión de distintas faltas disciplinarias. O secretario xeral notifica a resolución reitoral do 18 de outubro de 2013, pola que se declara a caducidade do expediente disciplinario e se procede á apertura dun novo expediente.

CASO 485/262 Data 27/09/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Atrasos no peche de actas e no cumprimento dos prazos para a revisión de exames. Incumprimento da data posteriormente anunciada para a revisión, con prexuízo para o alumnado que acudiu expresamente a esta.
Inicio: 28/09/2012	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 01/10/2012	Resolución	Infórmase á interesada de que para a materia en cuestión o tempo dispoñible para a corrección dos exames se viu moi reducido, por coincidir o día inicialmente fixado no calendario (7 de setembro) coa data fixada pola Reitoría para a inauguración do curso académico por razóns de protocolo. Ao quedar o día 7 inhabilitado para efectos académicos, a data do exame mudouse ao día 17. Infórmase da queixa e da resposta á dirección do centro, coa solicitude de que o poña en coñecemento dos profesores da materia e que estes lles expliquen aos alumnos os motivos do atraso e do incumprimento da data anunciada para a revisión.

CASO 486/263 Data 02/10/2012

Reclamante: Alumno

Inicio: 03/10/2012

Remate: 03/10/2012

Motivo A publicación das cualificacións dunha materia segue sen producirse pasada unha semana do prazo oficial fixado para o peche de actas e cando o novo curso xa está a comezar. Temor a que, nesas circunstancias, non se respecte o dereito á revisión do exame.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución A pesar de que o mesmo día en que o alumno presentou a queixa, remitiu un novo correo para informar de que viñan de saír publicadas as notas, o valedor universitario pon os feitos en coñecemento da dirección do centro pois o exame tivera lugar a primeiros de setembro e xa no curso pasado se producira un atraso na publicación das notas desa mesma materia. O director do centro coincide co valedor universitario na importancia de que a publicación das notas e o peche de actas se produzan dentro dos prazos fixados, e comprométese a falar co profesor e a velar para que no futuro non se volvan repetir este tipo de situacións.

CASO 487/264 Data 02/10/2012

Reclamante: Alumna

Inicio: 02/10/2012

Remate: 05/10/2012

Motivo Non pode facer uso da oportunidade de xullo por coincidirlle a data do exame coa súa participación cun campionato mundial.

Actuacións Dirección do centro e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución A pesar de que xa pasaran os prazos para reclamar, contáctase co decano para coñecer o sucedido e trasladarlle, de selo caso, a necesidade de dar resposta a ese tipo de situacións. O decano comenta que, en efecto, a lexislación recolle que as universidades facilitarán a compatibilidade dos estudos dos deportistas de alto nivel e de alto rendemento coa súa participación nese tipo de eventos, pero que a UDC non ten desenvolvida unha normativa ao respecto e que, a pesar de terllo pedido, o profesor da materia non quixo facer máis exames que o que estaba formalmente aprobado pola xunta de centro. Ante esta situación, o valedor universitario comenta o asunto co vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e acaba por remitirlle un escrito, con copia á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura, no que fundamenta a urxente necesidade de regulamentar a compatibilidade dos estudos coa práctica deportiva para os/as estudantes recoñecidos como deportistas de alto nivel polo Consello Superior de Deportes ou como deportistas de nivel cualificado ou similar polas comunidades autónomas, de acordo co estipulado nos RD 971/2007 e 1791/2010.

CASO 488/265 Data 24/10/2012

Reclamante: Alumno

Inicio: 25/10/2012

Remate: 19/11/2012

Motivo Tras sufrir un accidente no centro, desde este envíanos a un centro hospitalario e alí non o atenden por estar dado de alta como traballador no réxime da Seguridade Social.

Actuacións Servizo de Asesoramento ao Estudante (SAPE), Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.

Resolución Tras analizar a póliza de seguros subscrita pola UDC cunha compañía de seguros para todo o seu alumnado, compróbase que o erro foi do propio centro hospitalario, pois esa póliza cobre a atención de todos os alumnos, independentemente da súa idade e de se están ou non asegurados como traballadores na Seguridade Social. Desde a Sección de Contratación da UDC pónense en contacto coa compañía de seguros e solicítanlle que lle lembre ao centro hospitalario as condicións do contrato. Así se fai, e a persoa do hospital responsable de atención ao paciente informa que dará as instrucións oportunas para que non se volvan repetir ese tipo de situacións.

CASO 489/266 Data 25/10/2012

Reclamante: Alumna

Inicio: 25/10/2012

Remate: 26/10/2012

Motivo No prazo de dous meses solicitou dúas certificacións académicas sobre a mesma titulación, e nelas constaban distintas notas medias da promoción. A certificación en que constaba unha nota media inferior prexudicouna para a obtención dunha axuda pre-doutoral da Xunta de Galicia. A solución requiría urxencia para entrar no prazo de reclamación das bolsas.

Actuacións Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.

Resolución O cálculo das medias de cada promoción debe facerse unha soa vez para cada curso académico, polo que non debería cambiar. No decanato notifican que se están a solucionar os erros e que se manterán en contacto coa reclamante. Na Oficina do Valedor Universitario suspéndese as actuacións ao apreciar que, entre a documentación requirida á alumna para analizar o caso, se atopa unha reclamación ante o reitor que ela mesma presentara o 25/10/2012.

CASO 490/267 Data 31/10/2012

Reclamante: Alumno

Inicio: 31/10/2012

Remate: 13/11/2012

Motivo Denegación dunha bolsa de colaboración do MECD. A pesar de estar en disposición de cumprir cos requisitos esixidos (acadar a nota media e estar matriculado en todas as materias que lle restan para rematar os estudos), o día do remate do prazo de solicitude da bolsa (25 de setembro) as cualificacións obtidas nos exames da convocatoria de setembro non figuraban aínda no expediente, ao incumprirse a data límite de sinatura e entrega de actas, que fora fixada oficialmente para o día 24 de setembro.

Actuacións Administración do centro e Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura.

Resolución Indícaselle ao alumno que ante a denegación da bolsa do MECD só lle quedaba interpoñer un recurso potestativo de reposición ou un recurso contencioso-administrativo. Recomendáselle que, aínda que as posibilidades de que prospere o recurso parecen poucas, pois nas bases da convocatoria figura explicitamente recollido que os requisitos que non figuren no expediente do solicitante na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes non serán tidos en conta para os efectos da súa valoración para a concesión da bolsa, comente o caso coa dirección do centro e lles solicite un pequeno escrito de apoio para incorporar ao recurso, no que se indique que el cumpría cos requisitos pero que, por motivos sobrevidos, o centro se viu abocado a asinar as actas con posterioridade ao 25 de setembro.

O valedor universitario contacta coa vicerreitora de Estudiantes, Deporte e Cultura para solicitarlle que, na medida das súas posibilidades, faga chegar ao Ministerio a necesidade de que para próximas convocatorias, ou ben se fixe un prazo de presentación das solicitudes máis amplo que dea fácil cabida ao alumnado de plans antigos que acode á convocatoria de setembro, ou se abra un prazo adicional que permita a incorporación das cualificacións acadadas nesa convocatoria e a achega dos correspondentes documentos acreditativos.

CASO 491/268 Data 15/11/2012

Reclamante: PAS
 Inicio: 15/11/2012
 Remate: 27/11/2012

Motivo Non pode desempeñar o seu traballo nas condicións que lle corresponde, pois as funcións e as competencias do seu cargo están a ser absorbidas por quen exerce o cargo inmediatamente superior, que lle retira as atribucións que lle corresponden por razón do seu cargo, lle agocha información fundamental para a xestión que realiza e asemade tenta que quede en evidencia ante os demais coma se fose unha persoa incompetente. Síntese vítima dun acoso laboral e está ao límite das súas forzas.

Actuacións Xerencia.

Resolución Dado que a persoa interesada reclama o arbitrio dos mecanismos necesarios para que se lle garanta o desempeño do seu traballo nas condicións propias do seu cargo, e tendo en conta o estado emocional en que parece atoparse, o valedor universitario realiza unhas pequenas pescudas, comenta o caso co xerente e remítelle o expediente para que se investigue o asunto e se lle dea unha rápida solución. Finalmente, o asunto queda en mans da Comisión Institucional de Mediación, Arbitraje e Conciliación da UDC (CIMAC), que acorda, entre outras cuestións, realizar unha chamada de atención á persoa que ocupa o cargo superior e modificar temporalmente o lugar de traballo e as funcións que viña desempeñando a persoa reclamante, para lle asignar outras tarefas de xestión de acordo coas directrices que estableza a outra dependencia administrativa.

CASO 492/269 Data 14/11/2012

Reclamante: Alumno
 Inicio: 14/11/2012
 Remate: 16/11/2012

Motivo Matriculouse por internet nas prácticas de empresa pero non pode facelas por non cumprir co requisito de ter aprobados 180 créditos ECTS.

Actuacións Administración do centro e Servizos Informáticos.

Resolución Informásele ao alumno de que o sistema informático en uso non permite discriminar entre quen cumpre ou non cos requisitos esixidos, que é posteriormente na administración do centro onde se procede á súa verificación. Comunícaselle que aínda que na administración do seu centro non poden proceder a consolidarlle a matrícula en concepto de prácticas de empresa, por non cumprir cos requisitos esixidos pola norma, a súa matrícula pode ser desviada a outro tipo de créditos ou ben pode recuperar o diñeiro tras un proceso motivado de reclamación de devolución de taxas. Coméntaselle tamén que, na aplicación informática, se están a incorporar advertencias sobre a condicionalidade á que están sometidas as diferentes titulacións, de xeito que quen se está a matricular poida dispoñer dunha información directa sobre os requisitos que se esixen na súa titulación. Segundo nos informan, resulta problemático e custoso preparar filtros na aplicación informática que consideren os diferentes supostos de cada titulación e centro co fin de bloquear a matrícula por internet cando non se cumpran os requisitos esixidos na titulación.

CASO 493/270 Data 04/12/2012

Reclamante: PAS
 Inicio: 14/12/2012
 Remate: 20/12/2012

Motivo Acoso laboral por parte do superior inmediato. Reiteradas e falsas acusacións de incumprimento de tarefas co ánimo de desgastar a moral e conseguir un sometemento persoal claramente máis aló do ámbito estritamente laboral. Agresión verbal con toda clase de insultos, intimidación e serias ameazas físicas en presenza de numerosas testemuñas.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución A dirección do centro confirma a gravidade dos incidentes e informa ao valedor que, tras unha reunión coas persoas implicadas, resólvese que os dous traballadores, con quendas de traballo separadas, se comunicarán a través do decanato para evitar o contacto entre eles e para poder detectar mellor os motivos dos conflitos relacionados co seu traballo diario. Tras a citada reunión, o reclamante remite ao valedor unha solicitude á que acompaña un escrito dirixido ao decanato. Neste último, comprométese a acatar a decisión tomada na reunión de conciliación, ao tempo que se manifesta temeroso de que os feitos poidan volver a repetirse e solicita que, de selo caso, se actúe de inmediato con todos os medios posibles para erradicar o problema. No escrito dirixido ao valedor solicita o seu amparo se desgraciadamente a situación se repite de novo no futuro.

CASO 494/271 Data 05/12/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Desestimación da súa solicitude da condición de estudante con dedicación a tempo parcial para cursar todas as materias no primeiro cuatrimestre. A resolución prodúcese cun considerable atraso (recíbea o 26 de novembro) e mentres tanto ponse en contacto co profesorado das diferentes materias para lle pedir flexibilidade na asistencia por motivos laborais, con resultado negativo salvo nun único caso; o cumprimento das guías docentes ás que o remiten levaba consigo a asistencia diaria a clase. Acaba por renunciar á matrícula.
Inicio: 29/11/2012		
Remate: 22/01/2013		
	Actuacións	Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	<p>A resolución negativa do centro susténtase no incumprimento do suposto recollido no artigo 5a da norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña, pois a duración da relación laboral do interesado durante o curso académico era só de 80 días e, por tanto, non alcanzaba o mínimo de 90 estipulado na norma.</p> <p>Á vista da norma recentemente aprobada (o 29 de maio de 2012), que posibilita e regula a condición de estudantes a tempo parcial na UDC; sabedor da importancia da súa urxente aplicabilidade tendo en conta a situación de crise económica que están a padecer moitas persoas, o incremento do custo das matrículas e as dificultades para acadar e consolidar bolsas de estudo; considerando que a condición de estudante a tempo parcial non poderá ser realmente efectiva mentres non se considere axeitadamente nas guías docentes das materias; e coñecedor da inercia dunha parte do profesorado ante este tipo de cambios, o valedor universitario remite un escrito ao vicerreitor de Títulos Calidade e Novas Tecnoloxías en que lle solicita que procure a colaboración de centros e departamentos para impulsar decididamente a incorporación da necesaria flexibilidade nas guías docentes das materias, na medida en que for posible.</p>

CASO 495/272 Data 12/12/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Recibe da administración do centro un requirimento indebido por falta de pagamento.
Inicio: 12/12/2012		
Remate: 19/12/2012		
	Actuacións	Administración do centro, Servizo de Organización Académica e dirección do centro.
	Resolución	<p>Ao interesarnos polo caso, a raíz dun correo electrónico recibido o 12 de decembro, a administración do centro comunica que o alumno depositara nesta un escrito con igual contido dirixido ao valedor universitario e outro dirixido ao reitor. O 19 de decembro o decano remítenos un oficio acompañado dun completo informe e comunícanos que remite o mesmo informe ao reitor.</p> <p>O propio día 19 de decembro, o valedor universitario remite un escrito ao interesado, en que lle comunica que a resolución do seu caso está xa encamiñada pola vía axeitada e que, ao terse iniciado un procedemento administrativo pola mesma causa ante o reitor, debe suspender as súas actuacións en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do Valedor Universitario.</p>

CASO 496/273 Data 03/01/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación polo centro de recoñecemento de créditos de materias de grao por un ciclo formativo de grao superior (plan LOXSE). No centro argumentan, como motivo do non recoñecemento, o feito de que se trata dun plan vello que non está incluído no cadro de recoñecementos aprobado polo Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas. Desde a Consellería informan que a proposta de inclusión dos títulos no catálogo emana dos propios centros.
Inicio: 08/01/2013		
Remate: 16/01/2013		
	Actuacións	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dirección do centro, Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución Tras analizar a documentación correspondente, apréciase que no catálogo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o ano 2012-2013, figura un recoñecemento de créditos para o título obtido polo plan novo (plan LOE), e que no Real decreto en que se establece este último recóllese explicitamente que o título para extinguir terá os mesmos efectos profesionais e académicos que o novo título. Por outra banda, a alumna viña de rematar os seus estudos polo plan vello e aínda non saíra a primeira promoción do plan novo.

Con base nestes fundamentos, recoméndase á interesada presentar un recurso de alzada ante o reitor e, ao tempo, solicitar da Dirección Xeral de Educación Profesional e Innovación Educativa a inclusión no catálogo do título correspondente ao plan LOXSE.

A interesada presenta recurso de alzada e o caso resólvese favorablemente para ela.

CASO 497/274 Data 14/01/2013

Reclamante: Alumno
Inicio: 15/01/2013
Remate: 15/01/2013

Motivo No primeiro día de presentación de candidatos, no proceso de eleccións aos órganos colexiados, non se dispón de formularios para a presentación de candidaturas.

Actuacións Secretaría Xeral.

Resolución A queixa foi remitida por correo electrónico á Oficina do Valedor Universitario ás 11:02h. Nada máis recibila, consúltase a páxina web e apréciase que os formularios xa están dispoñibles. Contáctase coa Secretaría Xeral, que informa de que o atraso fora debido a uns pequenos problemas técnicos. Ás 11:48h remítese un correo ao alumno en que se lle notifica esta información e se lle indica que se remitirá o contido do seu escrito de queixa ao secretario xeral, na súa condición de presidente da Comisión Electoral. A remisión da queixa efectúase ao día seguinte.

CASO 498/275 Data 15/01/2013

Reclamante: Alumno
Inicio: 15/01/2013
Remate: 08/05/2013

Motivo Reclama o dereito a ser examinado dunha materia á que non se presentou porque houbo un cambio de datas (do 14 ao 9 de xaneiro) do que non tiña constancia. Expón que xa tiña os horarios de exames aprobados pola Xunta de Centro antes de formalizar a matrícula e que os horarios os cambiaron no mes de outubro.

Actuacións Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.

Resolución Tras conversar co director do centro, remítenos un informe e a documentación en que se aprecia que no mes de xullo a Xunta de Centro aprobara un calendario provisional de exames, e que este fora definitivamente aprobado en setembro, con algunhas modificacións, e publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro ao día seguinte da súa aprobación. O alumno matriculouse con posterioridade, o 15 de novembro. Por outra banda, con data 27 de decembro o propio alumno solicitou expresamente información ao centro sobre horarios e datas de exame que, a pesar de estaren publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios, lle foron remitidas por correo electrónico.

Desde a Oficina do Valedor Universitario, o 24 de xaneiro remítese informe ao interesado, en que tras recoller integramente o informe do director, algúns datos de interese que constan na documentación remitida pola dirección do centro, e tras facer mención da normativa para os efectos, indícaselle que parece difícil que unha reclamación formal ante os órganos competentes, á que en todo caso tería dereito, fose a prosperar.

O alumno decide presentar unha reclamación ante o reitor, prepara un escrito e sométeo á consideración do valedor, ao que lle pide opinión e asesoramento. O valedor coméntalle, entre outras cousas, que a súa opinión está xa reflectida no informe que, se o desexa, poderá chegar xunto coa reclamación, e indícalle

que un recurso debe basearse fundamentalmente en evidencias documentadas e asemade evitar un excesivo recurso aos xuízos de valor.

Ao cabo de tres meses, o reclamante ponse de novo en contacto co valedor universitario para lle indicar que presentara un recurso ante o reitor e que aínda non recibira resposta; pide ao valedor que examine de novo todo o asunto e actúe como considerar oportuno.

O valedor universitario ponse en contacto co Servizo de Organización Académica, que confirma a presentación do recurso e informa de que vai ser trasladado á Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura. Infórmase deste extremo ao reclamante, ao tempo que se lle comunica que, en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, o valedor debe absterse de intervir por ter presentado un recurso ante outro órgano.

CASO 499/276 Data 15/01/2013

Reclamante: Alumnas/os Inicio: 15/01/2013 Remate: 24/01/2013	Motivo Atrancos na tramitación de bolsas de alumnado procedente doutras universidades. Urxe unha solución.
	Actuacións Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e Sección de Bolsas.
	Resolución Na Sección de Bolsas confirman a paralización dos trámites por non estar habilitado aínda o programa informático para recoller os datos que por primeira vez pide o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes para aquel alumnado que accede ao 2.º ciclo. O 16 de xaneiro remítese oficio á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura en que se solicita información sobre o estado do asunto e sobre as medidas que se estaban a adoptar. O 23 de xaneiro a vicerreitora remite escrito ao valedor para lle comunicar que o problema técnico, que estaba a afectar ás tres universidades galegas, está sendo resolto e que as bolsas están a ser tramitadas para o seu envío ao MECED. Esta información é notificada ao interesado.

CASO 500/277 Data 15/01/2013

Reclamante: Alumno Inicio: 17/01/2013 Remate: 18/01/2013	Motivo Solicita ao valedor que interceda para que lle devolvan o importe da matrícula dun curso do Centro de Linguas. O alumno matricúlase nun curso de conversa del nivel avanzado (C1) e unha vez que o inicia considera que o nivel é inferior ás súas expectativas.
	Actuacións Dirección do Centro de Linguas.
	Resolución A petición do valedor universitario, o director do Centro de Linguas remite un detallado informe en que salienta que o reclamante non presentou aínda ningunha reclamación formal no Centro de Linguas, senón que foi atendido pola Coordinadora Académica do campus da Coruña quen lle explicou que as causas de devolución figuraban na páxina web e que a razón que alegaba non estaba entre elas e que, a pesar de que o alumno abandonara xa mediada a primeira clase, lle ofreceu explorar a posibilidade de que puidese continuar noutro curso ou de gardarlle a matrícula para unha quenda posterior. Porén, o reclamante rexeitou ambas as propostas e, pola súa banda, ofreceu a posibilidade de que continuase o curso no seu lugar un irmán seu. Dado o atípico do caso, e que nunca antes houbera unha reclamación de alguén que considerase que o curso non está á súa altura, o asunto discútese nunha reunión do equipo directivo e decídese consultar co profesor sobre se o nivel do grupo era de C1 ou claramente inferior, e cal era o nivel do resto do grupo comparado co do reclamante. Acórdase que a Coordinadora Académica contacte co profesor e chame ao estudante para pedirlle que asista á segunda sesión de clases e facer posible así a verificación destes extremos. O reclamante negouse reiteradamente a aceptar asistir a unha nova sesión ata que, logo de explicarlle a coordinadora que dese xeito estaba facendo a devolución imposible, aceptou asistir un rato. Entre tanto, o profesor do curso nega que o nivel non sexa o esperado para o

C1, comenta que os participantes que asistiran á primeira sesión teñen un nivel suficiente e que, en principio, o reclamante non lle parecera o alumno máis avantaxado do grupo.

Ao día seguinte da segunda sesión de clases, o director do Centro de Linguas remite un novo correo ao valedor, en que informa de que o reclamante non asistiu á devandita sesión, tal e como se lle pedira e finalmente aceptara, e salienta que, mesmo no caso de que o nivel do reclamante fose superior ao dos seus compañeiros, non procedería legalmente a devolución do importe xa que o curso que se estaba a impartir era o anunciado e que, segundo lle viña de confirmar o profesor, o nivel dos que asistiran á sesión era definitivamente o adecuado para ese curso.

O valedor universitario informa ao interesado dos escritos do director do Centro de Linguas, ao tempo que lle comunica que, de non haber novos elementos que contradigan os feitos que se relatan neles, sorpréndelle a súa total falla de colaboración, especialmente á vista da actitude e das actuacións do persoal do Centro de Linguas co fin de analizar a procedencia ou non da devolución do importe da súa matrícula, mesmo antes de que o interesado procedera a presentar unha reclamación formal no centro.

CASO 501/278 Data 18/01/2013

Reclamante: PAS	Motivo	Solicita que se medie para normalizar a situación de concesión dos permisos retribuídos de paternidade e maternidade que lle foron denegados polo INSS, por problemas coa tramitación duns certificados de empresa.
Inicio: 18/01/2013		
Remate: 30/01/2013	Actuacións	Normativa
	Resolución	O valedor interésase polo caso, pero ao coñecer que o reclamante ten presentada xa unha reclamación pola vía administrativa, comunícaselle que non pode admitilo a trámite. Posteriormente, o reclamante comunica á Oficina do Valedor Universitario de que o caso se resolveu favorablemente para os seus intereses.

CASO 502/279 Data 18/02/2013

Reclamante: Alumnos/as	Motivo	No acceso a un segundo ciclo procedentes doutra universidade, as validacións que lle conceden non se axustan á normativa legal que resulta de aplicación, polo que resulta un número excesivo de créditos para cursar.
Inicio: 18/02/2013		
Remate: 20/09/2013	Actuacións	Normativa
	Resolución	Vista a normativa que sería de aplicación, todo parece indicar que en efecto, o acceso á nova titulación está regulado de xeito que, en ningún caso, a suma dos créditos cursados previamente e os que se deban cursar no segundo ciclo poderá superar a carga lectiva total do plan de estudos. Suxíreselles aos alumnos que presenten unha reclamación no centro. O centro resolve negativamente a reclamación, tras o cal os alumnos solicitan de novo asesoramento do valedor. Analizada a resolución emitida polo centro, o valedor universitario recoméndalles presentar un recurso de alzada, pois deste xeito o asunto dirimiríase normalmente con base nunha interpretación da norma por expertos do Servizo de Organización Académica.

CASO 503/280 Data 18/02/2013

Reclamante: De oficio	Motivo	Solicitud de análise e actuación para un acceso máis igualitario á realización do traballo de fin de grao (TFG), tratando de minimizar os efectos perversos dos suspensos masivos nalgunha materia da primeira metade.
Inicio: 21/02/2013		
Remate: 21/02/2013	Actuacións	Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	A necesidade de ter superados non só os 180 créditos aos que obriga a lexislación, máis tamén a primeira metade dos estudos para poder realizar o TFG, tal e como se recolle no apartado 2.9 da Normativa pola que se regulan as ensinanza oficials de grao e mestrado universitario na UDC, agrava aínda máis a

indeseable situación académica que está a sufrir o alumnado que cursa os seus estudos en centros onde existen materias da primeira metade nas que se están a producir suspensos masivos que semellan anormalmente elevados. Partindo desa base, o valedor universitario dirixe un escrito ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías en que pretende poñer de relevo ese importante problema, ao tempo que lle solicita a súa implicación para unha pronta solución.

Tras exemplificar cos perniciosos efectos que se están xa a dar nun determinado centro en que a media de aprobados por oportunidade nunha materia do primeiro curso se sitúa por volta do 5% das persoas matriculadas, o valedor universitario comenta no seu escrito que permitir, en todas as titulacións de grao, matricularse e realizar o TFG a pesar de ter pendente de superar un pequeno número de créditos da primeira metade do grao, contribuiría a facer máis igualitarias as condicións reais de acceso á realización do TFG nos distintos graos, e minimizaría os efectos perversos xa sinalados dos suspensos masivos que se están a dar nalgunhas titulacións. Este requirimento parecería axeitado cando menos mentres non se poña coto aos suspensos masivos indebidos.

CASO 504/281 Data 04/03/2013

Reclamante: PDI

Inicio: 04/03/2013

Remate: 11/03/2013

Motivo Solicitud de defensa ante o acoso dun alumno co fin de conseguir un resultado positivo, sexa este merecido ou non, e en previsión de novas descualificacións gratuítas e gravemente ofensivas.

Actuacións Normativa e coordinador do mestrado.

Resolución O reclamante remite diversos correos electrónicos intercambiados co alumno, en que este último cuestiona abertamente a amplitude e a programación dos traballos requiridos para a superación da materia e mesmo a organización e coordinación do mestrado. O alumno pide ao profesor que teña en conta estas circunstancias á hora de valorar os seus traballos.

Analizada a documentación remitida polo profesor, apréciase que os escritos do alumno teñen un ton certamente reivindicativo pero non necesariamente coercitivo, a non ser que o profesor teña indicios que o leven a pensar que cando o alumno sinala nun dos seus escritos "Me replantearé el canal para estas indicaciones", estea en realidade a ameazar encubertamente co recurso a outras vías que non sexan as previstas na regulamentación ao uso. Tendo en conta todo isto, que o profesor pode replicar ao alumno con argumentos que lle fagan ver o errado das súas apreciacións, que o concepto de ofensa é algo bastante subxectivo, e que as valoracións que o alumno está a facer nos seus escritos non parecen ser constitutivas de ningunha falta punible, a non ser que poida demostrarse que carecen substancialmente de fundamento e que foron realizadas cun ánimo fraudulento co propósito de obter algún beneficio indebido, comunícaselle ao reclamante a non admisión a trámite do caso e a total disposición a reabrilo con base en novos indicios. Ofréceselle tamén ao profesor a posibilidade de falar amplamente sobre o particular e ver de adoptar as medidas oportunas, no caso de que, independentemente de calquera outra consideración, se sinta dalgunha maneira ameazado ou acosado ata o punto de non sentirse libre para cualificar o alumno con total obxectividade.

Sucédense novos correos; o 7 de marzo o alumno escribe un longo correo ao profesor con copia ao valedor, e ao día seguinte remite directamente un correo moi longo ao valedor.

O carácter claramente impulsivo dos longos correos do alumno, os numerosos xuízos de valor que verte neles e especialmente a súa pretensión de que se atenda cun trato singular ao feito de que vive a varios centos de quilómetros de distancia, dado que, segundo el, o coordinador do mestrado lle dixera antes de matricularse que podía facelo sen problema, leva ao valedor universitario a intervir e remitir ás partes un escrito cun conxunto de consideracións co fin de tratar de reconducir as discrepancias manifestadas polas canles e cos modos máis axeitados.

CASO 505/282 Data 11/03/2013

Reclamante: Alumno

Inicio: 11/03/2013

Remate: 12/03/2013

Motivo Solicita poder cursar o mestrado en que está matriculado, coas circunstancias que lle indicaron antes da matrícula.

Actuacións Documentación e normativa.

Resolución Caso relacionado co expediente 504/281. Trátase dunha reclamación do propio alumno tras o escrito remitido polo valedor ás partes. Tendo en conta de que o alumno non achega ningún tipo de documentación adicional aos correos xa remitidos días atrás, de que neses correos e no seu extenso escrito de reclamación só se verten xuízos de valor sen achegar ningún tipo de evidencia documental, de que o coordinador do mestrado desmentira (en conversa telefónica) terlle asegurado ao alumno as súas pretensións nin verbalmente nin por escrito, de que todo parecía indicar que a configuración e a publicidade oficial do mestrado facían explícito o seu carácter semipresencial e que este debe ser respectado tanto polo profesorado como polo alumnado, e considerando que o alumno non proporciona tampouco ningunha documentación na que se puidera apreciar que realizara previamente algunha reclamación formal ante os órganos competentes, o valedor universitario remite oficio ao interesado no que, tras poñer de manifesto todos estes extremos, condiciona a admisión a trámite da reclamación a que a dote de soporte documental. O valedor remata o seu escrito indicando: "Unha vez recibido o soporte documental que lle solicito, realizarei todas as indagacións que estime oportuno para a resolución do caso e a emisión do correspondente informe, que será remitido ás partes e ás autoridades académicas que estime pertinente, conforme co meu papel de velar polos dereitos que lle asisten a calquera membro da comunidade universitaria"

O caso queda sobresido ao non recibirse na Oficina do Valedor ningún tipo de resposta nin documentación ningunha.

CASO 506/283 Data 14/03/2013

Reclamante: Dous alumnos

Inicio: 18/03/2013

Remate: 09/07/2013

Motivo Presentáronse a un exame, na convocatoria de decembro, en que se producen unha serie de irregularidades e incumprimentos da normativa por parte do profesor da materia. Tras presentaren reclamacións ante os órganos universitarios competentes e transcorrido un tempo que estaría a superar os prazos fixados para a súa resolución, solicitan a intervención do valedor universitario na procura dunha solución urxente e xusta a un caso que consideran que está a causarlles importantes prexuízos.

Actuacións Dirección do centro, reitor e Servizo de Organización Académica.

Resolución Solicítase información ao director do centro sobre os motivos da tardanza e pídeselle a máxima urxencia na resolución do caso. Ao cabo dunha semana recíbense os acordos da Comisión Docente sobre a materia en cuestión e outra materia máis impartida polo mesmo profesor. Por diversos motivos, os acordos non conclúen coa resolución dos casos, e como parte deles, a dirección do centro remite informes ao reitor e ao valedor universitario, acompañados dunha ampla documentación (actuacións practicadas, informes remitidos previamente a outros órganos de goberno, informes do departamento e outra documentación). Da análise da documentación pónense de manifesto unha serie de feitos que estarían a afectar gravemente o normal desenvolvemento dos procesos de avaliación das dúas materias. Co ánimo de contribuír a unha rápida e xusta solución, o valedor universitario remite un informe ao reitor centrado na análise das diferentes casuísticas que estarían a afectar ao alumnado e recomendando para este a adopción dunha solución en positivo que encaixe co parecer da Comisión Docente do centro. O valedor salienta igualmente que urxe poñer freo a ese tipo de situacións que tan negativamente están a afectar ao alumnado. Transcorridos dous meses, o valedor interésase de novo pola resolución do caso, que remata en xullo cunha resolución reitoral e as correspondentes instrucións da Secretaría Xeral ao centro.

CASO 507/284 Data 21/03/2013

Reclamante: PAS	Motivo	Coa elaboración dunha nova relación de postos de traballo (RPT) suprimen o seu posto de traballo e na nova relación danlle un posto en quenda de tarde noutro centro, a pesar de existiren vacantes en quenda de mañá. Solicitud de reasignación dunha praza en quenda de mañá co fin de poder conciliar a vida laboral e familiar.
Inicio: 25/03/2014		
Remate: 04/04/2013	Actuacións	Xerencia.
	Resolución	O valedor contacta co xerente para interesarse polo caso. A interesada dirixírase á Xerencia e a outras instancias en repetidas ocasións. O xerente comenta que a RPT que estaba a piques de publicarse era froito dun acordo coas partes representadas na negociación e nomeadamente co Comité de Empresa. Tal acordo incluía o mantemento das quendas. Segundo o xerente, o novo posto de traballo da reclamante sería equivalente ao actual, pois seguiría a ser un posto en quenda de tarde gozando da posibilidade de cubrir vacantes ou baixas en quenda de mañá, sempre que lle correspondera por antigüidade e méritos. Outorgarlle directamente un posto de mañá podería supoñer unha agravio comparativo con respecto a outros compañeiros con méritos preferentes. O xerente comenta que remitirá cumprida resposta á interesada. Todo isto comunicáselle á reclamante.

CASO 508/285 Data 03/04/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Tras suspender unha materia na convocatoria de setembro de 2012, acode á revisión do exame e recoñéceselle un aprobado. A pesar diso, aparece nas actas cun suspenso e o profesor explícalle que non puido cambiar as cualificacións ao ter bloqueadas as actas por problemas co centro. O profesor recoméndalle que se matricule de novo e que lle garda a nota para a convocatoria de decembro. Nesa mesma situación comenta que se atopan outros compañeiros e que, aínda que na convocatoria de decembro o profesor publicou no taboleiro as cualificacións de setembro, estas non chegaron a incorporarse aos expedientes. Solicita que se recolla a cualificación de aprobado no seu expediente.
Inicio: 03/04/2013		
Remate: 08/04/2013	Actuacións	Dirección do centro e reitor.
	Resolución	Tras analizar o caso e conversar co alumno na Oficina do Valedor, recoméndaselle presentar unha reclamación ante o reitor, ao tempo que se lle informa de que o seu caso aparecerá recollido nun informe que o propio valedor remitirá ao reitor (coincide co do expediente 506/283).

CASO 509/286 Data 13/03/2013

Reclamante: Rep. de estudantes	Motivo	Problemas co xeito en que se están a outorgar as axudas predoutorais do Plan galego de investigación e, especialmente, por como se están a cubrir as vacantes. Concretamente, na modalidade A non se está a respectar o mínimo establecido de 12 contratos por ámbito de coñecemento.
Inicio: 14/03/2013		
Remate: 15/04/2013	Actuacións	Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
	Resolución	O valedor universitario fala coas interesadas e procede a analizar o asunto. Apréciase que, en efecto, estanse a cubrir as vacantes a partir dunha única listaxe de agarda, común para todos os ámbitos, polo que hai ámbitos en que o número de contratos predoutorais queda por debaixo do mínimo establecido no artigo 3 da convocatoria (Orde de 18 de xullo de 2012). O valedor universitario contacta co vicerreitor de Investigación e Transferencia, infórmao deste parecer e pídelo que o analice e que, de chegar ás mesmas conclusións, informe do asunto á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que procedan a resolver de acordo coas bases da convocatoria. O vicerreitor concorda co valedor na irregularidade do proceso de cobertura de vacantes e contacta coa Xunta de Galicia. Concretamente, a resposta obtida é que a comisión de selección decidira crear unha única listaxe de agarda por modalidade, pois a creación de listaxes de agarda para cada modalidade e

ámbito suporía manter activas 18 listaxes coa complexidade que isto comportaría. O problema está a repetirse exactamente igual na repartición das axudas postdoutorais, polo que desde a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia tentarán facer novas xestións ante a Xunta.

Infórmase ás interesadas e comunicaselles que, de non producirse a oportuna rectificación por parte da Xunta na cobertura das vacantes, poden proceder á presentación do correspondente recurso.

CASO 510/287 Data 21/03/2013

Reclamante: PDI	Motivo	Nótanse fortes e desagradables cheiros por mor dun xerador de compost situado no lateral do seu centro. Solicita que a universidade tome cartas no asunto e que o retire.
Inicio: 22/03/2013		
Remate: 25/03/2013	Actuacións	Oficina de Medio Ambiente.
	Resolución	O valedor diríxese ao director da Oficina de Medio Ambiente e pídelle que analice o asunto coa maior brevidade na procura da solución máis axeitada. O director da OMA comenta que falou coa dirección do centro e que contan con resolvelo en breve. Comunícase ao reclamante.

CASO 511/288 Data 29/03/2013

Reclamante: Asoc. de estudantes	Motivo	Desde o cambio de concesión, o servizo que ofrece a cafetería do centro empeorou. Alén do incremento de prezos, que afecta a todos os centros, estase a producir un agravio comparativo en relación co servizo que se ofrece noutros centros dos diferentes campus, tanto en cantidade como en calidade e variedade do menú.
Inicio: 09/04/2013		
Remate: 12/04/2013	Actuacións	Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.
	Resolución	Remítase a queixa ao Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, como responsable das concesións, contratacións, seguimento e control, para lle pedir que a analicen e, de ser o caso, tomen as medidas oportunas ante calquera tipo de anomalía que puider estar a producirse no servizo de cafetería do centro. O 12/04/2012, o xefe do Servizo contacta coa Oficina do Valedor para informar de que xa contactaron co responsable da cafetería coa indicación de que debe dar solución á reclamación presentada polos estudantes. Tal circunstancia comunicase aos reclamantes.

CASO 512/289 Data 07/05/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	A profesora négase a impartir os contidos que figuran na guía docente da materia. Nun correo do 16 de maio, complementase a reclamación cun escrito en que manifesta o seu desacordo coa decisión que vén de comunicarlles a docente, quen informa ao alumnado de que o exame do 21 de maio se axustará ao establecido na guía docente da materia e de que a avaliación se axustará aos indicadores nela establecidos.
Inicio: 08/05/2013		
Remate: 20/05/2013	Actuacións	Dirección do departamento e dirección do centro.
	Resolución	Ao recibir o primeiro escrito de queixa, desde a Oficina do Valedor solicítase ao director do departamento (con copia á decana) que analicen o asunto e adopten as medidas correctoras que se consideraren oportunas. Tras a recepción do segundo escrito, o valedor entende que o que lle remitiu a profesora aos alumnos debe interpretarse como que o exame versará sobre aqueles contidos impartidos que, ao propio tempo, aparecen recollidos na guía docente. Así llo transmite á reclamante, tras unha breve conversa coa decana.

CASO 513/290 Data 14/05/2013

Reclamante: Alumno

Inicio: 16/05/2013

Remate: 21/05/2013

Motivo Recargo por morosidade. Por mor de estar participando nun programa de mobilidade (Erasmus), domiciliou os pagamentos, mais o 3 de abril recibe un correo do director do centro en que se notifica que a todo aquel a quen se lle denegara a bolsa ten que pasar por secretaría para realizar o pagamento da matrícula. Non recibe resposta a un correo que el mesmo remitiu o 9 de abril á dirección do centro, no que expoñía que el tiña domiciliado o pagamento e no que preguntaba se abondaba con iso ou se tamén el precisaba realizar algún trámite adicional.

Actuacións Administración e dirección do centro, e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución No centro informan de que o requirimento do pagamento de matrícula se publicou o 15 de febreiro no taboleiro de anuncios habilitado para tal efecto. O 3 de abril, desde a dirección do centro avisouse ao alumnado quen non procedeu ao pagamento dentro do prazo fixado (10 días tras a publicación do 15 de febreiro), polo que nesa data o alumno estaba xa fóra de prazo. A resposta ao correo do alumno non chegou a el ao producirse un erro no destinatario, pois ao ter rebotado o director o correo do alumno á xefa da administración para que se lle dera resposta, esta foi enviada ao remitente (o propio director) no canto do interesado.

O valedor remite un correo ao interesado en que lle comunica esta información, ao tempo que lle manifesta que malia na administración do seu centro parece que deron os pasos que se lle requiren de acordo co procedemento establecido e que, por tanto, o aboamento do recargo por morosidade parece inevitabile, tamén é certo que o procedemento debería mellorarse de xeito que, cando un alumno estea temporalmente fóra da cidade por razóns de estudos, haxa mecanismos que permitan coñecer os requirimentos administrativos e realizar os pagamentos sen necesidade de ter que botar man de terceiras persoas que acudan á administración do centro. A este respecto, o valedor comprométese a facer as oportunas recomendacións ás correspondentes instancias universitarias e así llo traslada ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

CASO 514/291 Data 16/05/2013

Reclamante: Grupo de alumnas/os

Inicio: 27/05/2013

Remate: 12/08/2013

Motivo Estáselles a reclamar o reintegro de parte ou da totalidade da cantidade que xa hai tempo percibiran como titulares de bolsas do MEC para cursaren o Mestrado de Profesorado. Consideran as reclamacións inxustas e extemporáneas.

Actuacións Sección de Bolsas, Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, Asesoría Xurídica e reitor.

Resolución Os motivos polos que se lles reclama a devolución da bolsa céntranse no incumprimento dos requisitos que se recollen no artigo 21 da Orde EDU/2098/2011, do 21 de xullo, e da Resolución do 2 de agosto de 2012 da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades. As/os estudantes, procedentes de estudos de licenciatura, terían recoñecidos entre 24 e 36 créditos, e considérase que estes créditos non poden computarse ao serlles de aplicación o artigo 21.4: "As materias e créditos recoñecidos, validados e adaptados non se terán en conta a efectos do cumprimento dos requisitos académicos establecidos neste artigo". Os estudantes con 36 créditos recoñecidos perderían, así, a condición de bolseiros e aqueles que tiveran 24 créditos recoñecidos pasarían á condición de bolseiros por matrícula parcial.

Logo de analizar a fondo as bases das convocatorias, o valedor universitario considera posible que a este alumnado puidera serlle de aplicación o apartado 2c ou o punto 3 do propio artigo 21, que establecen respectivamente: "Naqueles casos nos que, en razón da normativa propia da universidade resulte limitado o número de créditos en que poida quedar matriculado o alumno, este poderá obter todos os compoñentes da bolsas que lle correspondan de conformidade co disposto nesta convocatoria si se matricula en todos aqueles nos que lle sexa posible" e "O número mínimo de créditos fixado nos parágrafos anteriores en que o estudante debe quedar matriculado no curso para o que solicita a bolsa non será esixible, por unha soa vez, no caso dos estudantes aos que,

para finalizar os estudos, lles quede un número de créditos inferior a dito número mínimo". O valedor solicita, daquela, informe técnico á xefa da Sección de Bolsas quen, nun detallado escrito, considera que, interpretando o artigo 21.4 como están a facelo, están a aplicar a normativa vixente de acordo coas directrices recibidas do Ministerio, e sinala que o artigo 30 apdo. f recolle como obriga das persoas beneficiarias a de "Poñer en coñecemento da entidade concedente a anulación da matrícula así como calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa".

O valedor contacta coa vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura e mais co reitor, transmítelles a súa impresión e a preocupación polo importante impacto económico que a devolución das bolsas tería para a economía das/os reclamantes e/ou as súas familias, e solicítalles extremar ao máximo o control de legalidade por se tivese cabida outra interpretación do referido artigo 21 que posibilitara poñer fin ás reclamacións de reintegro. Desde a Reitoría, solicítase informe á Asesoría Xurídica, o cal corrobora a interpretación que están a aplicar na Sección de Bolsas.

O valedor universitario trata de dilucidar as causas do que terían sido entón un conxunto de concesións anómalas, e considera que o incumprimento do artigo 30 aptdo. f por parte do alumnado pode achacarse á dificultade de interpretación do artigo 21.4, e máis cando en anos precedentes, e nas mesmas circunstancias, se viñeran concedendo esas bolsas na súa integridade de maneira xeneralizada. No entanto, os puntos 1 e 2 do artigo 32 (Xustificación previa) e o aptdo. 1.3 do artigo 12 (Adaptacións, validacións, recoñecemento e transferencias) implican á administración universitaria no control da tramitación das solicitudes de bolsas.

Tendo en conta todo isto, considerando os graves prexuízos que a devolución parcial ou total do importe das bolsas (de 2000 a 4400 euros) causaban aos interesados, poñendo o foco na moi difícil situación económica que varios deles estaban a transmitir, e á vista de que non se estaba a dar ningún tipo de solución, o valedor universitario remite un escrito ao reitor, no que tras relatar os feitos sinala: "Por todo iso, e tendo en conta a parte de responsabilidade que puidera corresponder á nosa Universidade neste asunto, solicito unha actitude máis aberta da Institución para contribuír, cando menos, a dar unha saída digna aos casos máis perentorios: acceso a fondos sociais, aprazamento de pagos ou calquera outra solución viable."

CASO 515/292 Data 22/05/2013

Reclamante: Alumna

Inicio: 30/05/2013

Remate: 26/06/2013

Motivo Trato que lle dispensa un membro do PAS cando acode á administración para solicitar información e entregar documentación. Solicita que esta persoa mellore o trato persoal co alumnado e que, de sentirse incapaz de levalo a cabo, sexa destinada a outro posto que non implique atención ao público.

Actuacións Sección de Estudos de Doutoramento.

Resolución Tras recibir o informe da responsable da sección, mantense unha reunión coa persoa denunciada. O contido do informe, o intercambio de opinións e as pesquedas realizadas polo valedor, levan á conclusión de que a persoa en cuestión desenvolve eficazmente o seu traballo, e que se, en ocasións, o seu trato puidese parecer inadecuado, parece tamén disposta a rectificar de inmediato ou a aceptar con normalidade un cambio de interlocución cando o interlocutor que así o percibe llo fai saber dun modo directo.
A responsable da Sección manifesta que sempre están abertos á crítica, e agradece a remisión da queixa, ao considerar que sempre hai aspectos mellorables que convén coñecer para enfrontalos cunha aptitude positiva.
Remítese informe ás partes.

CASO 516/293 Data 21/05/2013

Reclamante: Grupo de alumnas/os

Inicio: 22/05/2013

Remate: 31/05/2013

Motivo

Cambio das condicións de acceso ás convocatorias para a defensa do traballo de fin de grao despois de ter efectuada a matrícula. A normativa xeral, que vén de modificarse, impide presentar o TFG ata que se teñen superadas todas as materias, o que ocasiona graves e diferentes prexuízos para o alumnado. Solicitan solucións para poderen gozar das dúas oportunidades ás que pensaban ter dereito mesmo para o alumnado que completou a súa matrícula unha vez rematado o primeiro cuadrimestre, e a posibilidade de renunciar á matrícula se non chegaban a superar os créditos das outras materias e non podían defender o TFG.

Actuacións

Dirección do centro e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución

O valedor universitario reúne cos reclamantes e, tras analizar a normativa, aprecia que a pesar de que na Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión de 27 de xuño de 2012, se recolle que para a defensa e cualificación do TFG é necesario que o/a estudante superase o resto dos créditos do título, a non adaptación do Modelo de regulamento dos TFG nos títulos de grao da Universidade da Coruña (aprobado polo Consello de Goberno do 22 de xullo de 2011) e das Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC (aprobadas polo Consello de Goberno con data de 22 de xullo de 2011) ata o 28 de febreiro de 2013, a través dunha corrección de erros aprobada en Consello de Goberno, puido, en efecto, levar a que os reclamantes se matricularan no TFG coa expectativa de poder defendelo sen máis requisitos que o de ter superados 180 créditos e a totalidade dos créditos dos dous primeiros cursos do grao.

O valedor universitario contacta co decano e solicítalle unha maior flexibilidade da que xa acordaran no centro, adiando aínda máis as datas de entrega e de defensa dos TFG. O decano maniféstase disposto a retomar o asunto nesa dirección e a reunirse de novo co alumnado afectado.

O valedor contacta, así mesmo, co vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen se manifesta disposto a estudar posibles anulacións de matrícula en casos xustificadas e para quen non teña consumida ningunha oportunidade.

Infórmase ás persoas interesadas e aconséllaselles que contacten novamente coa dirección do centro na procura das oportunas solucións.

CASO 517/294 Data 10/06/2013

Reclamante: Dous alumnos

Inicio: 10/06/2013

Remate: 31/07/2013

Motivo

A dous titulados nun centro da UDC denégaselles o recoñecemento de materias para cursaren un grao noutro centro, a pesar de que entre o actual grao que substitúe ao seu título e o novo grao que pretenden cursar existe un recoñecemento directo desas materias, e que tamén existe recoñecemento directo desas mesmas materias para o paso do plan en extinción ao grao da súa propia titulación. Tampouco se lles recoñecen outras dúas materias por outros títulos que gardan estreita relación co seu contido e competencias (un mestrado non oficial e un título de técnico superior). Os recoñecementos foron xa denegados tanto polo centro como por resolución reitoral.

Actuacións

Reitor e Servizo de Organización Académica.

Resolución

Os interesados reúnen co valedor, coméntanlle o seu caso e fanlle entrega da resolución reitoral favorable que obtivera un compañeiro deles o curso pasado en similares circunstancias no que respecta ás materias con recoñecemento directo.

O valedor comenta o caso co reitor e comunícalles aos alumnos que recorran de novo ante o reitor presentando esa evidencia. O caso resólvese favorablemente para as materias con recoñecemento directo. O recoñecemento das outras dúas materias segue sen aceptarse pois as titulacións cursadas, aínda que con recoñecemento oficial para o exercicio profesional, non son títulos universitarios e no plan de estudos sometido a verificación do grao que se vai cursar non se considera aínda ese tipo de recoñecementos.

CASO 518/295 Data 07/06/2013

Reclamante: PDI
Inicio: 14/06/2013
Remate: 05/11/2013

Motivo Solicita amparo co fin de que se resolva favorablemente a acreditación de cumprimento de requisitos para dirixir teses de doutoramento. A súa solicitude fóralle denegada pola Comisión de Doutoramento ao constatar que na OTRI non existe constancia do rexistro nin da explotación de ningún dos seus programas de sóftware e que non aparece nos contratos de cesión ningunha sinatura por parte de representante legal da UDC tal e como esixe o Regulamento de patentes e dereitos de prioridade intelectual da UDC.

Actuacións Sección de Estudos de Doutoramento e presidente da Comisión de Doutoramento.

Resolución Tras analizar a normativa ao respecto, o valedor universitario contacta co presidente da Comisión de Doutoramento e transmítelle a súa opinión favorable á concesión da acreditación, ao entender que sempre que a patente estea formalmente rexistrada non procedería utilizar o incumprimento do Regulamento de patentes e dereitos de propiedade intelectual da UDC para refutar o cumprimento dun requisito que emana doutro regulamento (o artigo 10 do Regulamento de estudos de doutoramento recolle como un dos requisitos o feito de "acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación", sen máis consideracións). A denegación da acreditación podería, daquela, interpretarse como unha especie de sanción non prevista na norma e, en todo caso, a existencia dese tipo de responsabilidades, de existir, tería que substanciarse por outras vías. De acordo co presidente da Comisión, o valedor comunica ao interesado que solicite unha revisión do seu caso. O 16 de outubro de 2013 o interesado contacta de novo coa Oficina do Valedor pois tras presentar unha solicitude de revisión ante a Comisión de Doutoramento, esta reafírmase na mesma resposta: "Para os efectos da acreditación de requisitos para ser director de tese, a Comisión de Doutoramento considera equiparable o rexistro da propiedade intelectual dun programa informático en explotación a unha patente en explotación, sempre que se axuste ao establecido na Lei 11/1996, 20 de marzo, de patentes (art. 20) e ao Regulamento de propiedade industrial e propiedade intelectual da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello Social do 18 de xullo de 2012". O 5 de novembro do 2013 o valedor universitario remite un informe ao reclamante e ao presidente da Comisión de Doutoramento. Tras unha serie de consideracións que fundamentan porque considera que o reclamante estaría a cumprir cun dos requisitos esixidos na norma para poder ser acreditado como director de teses, o valedor remata o seu informe recomendando ao profesor a "presentación dun recurso de alzada, na confianza de que chegado o momento, a Comisión de Doutoramento emitirá un informe favorable á concesión da acreditación en base ás anteditas consideracións ou, en caso contrario, clarificará os extremos polos que considera que este profesor incumpre co espírito (experiencia investigadora) e/ou coa letra do requisito "Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación" que se recolle no artigo 10 do Regulamento dos estudos de doutoramento."

CASO 519/296 Data 25/05/2013

Reclamante: Alumna
Inicio: 10/06/2013
Remate: 11/06/2013

Motivo Non lle recoñecen créditos de materias cursadas nun grao de ensinanza artísticas por créditos de materias dos estudos de grao universitario. Na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respóndenlle negativamente á súa solicitude de inclusión do seu título na listaxe de recoñecemento de 30 créditos por ter cursado un ciclo superior, coa indicación de que a súa titulación é un ciclo artístico e que se trata dun réxime especial que non se inclúe na listaxe. Considera que existe un agravio comparativo.

Actuacións Normativa académica e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Resolución Infórmase á alumna da normativa en vigor e de como o Real decreto 1618/2011, de 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior, considera non só o recoñecemento entre títulos de formación profesional superior e ramas de coñecemento de ensinanza universitaria de grao (o único considerado até o momento no convenio de colaboración asinado pola Consellería de Educación e as tres universidades do SUG), senón tamén o

recoñecemento entre estas últimas e outros estudos superiores non universitarios, entre os que se inclúen os títulos de grao de ensinanzas artísticas. No entanto, os convenios pódense modificar ou mesmo poderían asinarse novos convenios para dar cabida a todo tipo de titulacións superiores non universitarias e non so ás titulacións de formación profesional. Así, o valedor universitario comunica á interesada que recomendará aos órganos competentes da UDC a conveniencia e a urxencia de que desde ela se dean os pasos oportunos para facelo posible, na medida das súas competencias. Nunha reunión posterior do valedor universitario coa adxunta de títulos da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxía (representante da UDC na comisión mixta) e mais co xefe do Servizo de Organización Académica, débátese sobre o asunto e sobre a importancia de que a UDC tome un papel activo na consecución destes obxectivos.

CASO 520/297 Data 27/05/2013

Reclamante: Alumno

Inicio: 13/06/2013

Remate: 13/06/2013

Motivo Logo de cursar un ciclo formativo de grao superior, reclama que se lle recoñezan 12 créditos (2 materias) que foron incluídos o 5 de decembro de 2012 no convenio de colaboración asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas.

Actuacións Normativa académica.

Resolución Sobre este asunto xa se producira unha resolución reitoral que corroboraba a denegación da súa solicitude. Explícaselle ao interesado o proceso de incorporación de novos recoñecementos ao catálogo, que non sempre se produce dentro do prazo de matrícula, no que debe solicitarse o recoñecemento e a transferencia de créditos. O prazo rematara o 31 de outubro para os estudos de grao e as incorporacións posteriores poderían provocar efecto o vindeiro curso académico.

CASO 521/298 Data 18/06/2013

Reclamante: Alumno

Inicio: 28/06/2013

Remate: 11/07/2013

Motivo No proceso de emisión de votos por parte dos membros do tribunal que xulgaron a súa tese de doutoramento cometéronse erros que deberían ser corrixidos para outorgarlle a mención "cum laude". Expón que existen datos máis que suficientes que avalan a calidade da súa tese e que, a pesar de transcorreren xa máis de 7 meses desde o acto de defensa da tese, segue sen recibir notificación oficial (nin por parte da UDC nin do tribunal) sobre a decisión definitiva da Secretaría Xeral.

Actuacións Sección de Estudos de Doutoramento e Comisión de Doutoramento.

Resolución Comunícase ao interesado que desde a Comisión de Doutoramento remitiranlle a resposta á súa reclamación, e que se unha vez que a recibe segue a ter dúbidas sobre a legalidade do proceso, na Sección de Estudos de Doutoramento poderán achegarlle toda a información que necesite para clarificar calquera extremo. Infórmase de que, segundo o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, para a obtención da mención "cum laude" requírese o voto secreto positivo de todos os membros do tribunal, e indícaselle que cada membro do tribunal ten o seu propio concepto de excelencia, e que precisamente a Universidade debe velar por ese carácter segredo do voto para que non poida verse contaminado de ningunha maneira.

CASO 522/299 Data 19/06/2013

Reclamante:
Representantes de
estudantes

Inicio: 21/06/2013

Remate: 16/07/2013

Motivo Poñen en coñecemento a denuncia do alumnado da titulación ante actividades irregulares dun profesor e solicitan que se investigue o caso. Unha persoa coa que o profesor mantén unha relación de carácter sentimental está a impartir aulas particulares da mesma materia da que el é responsable. Grazas a esta relación, ten acceso ás correccións das probas e emprégaas no seu negocio, ademais de transitar polo centro con total acceso á aula e ao despacho do profesor.

Actuacións Dirección do centro e dirección do departamento.

Resolución Tras conversar co director do centro e co director do departamento para se interesar polo caso, o valedor solicita a este último que lle remita a súa valoración dos feitos denunciados e as medidas adoptadas. O director do departamento informa de que, xa con anterioridade á denuncia, o profesor puxera no seu coñecemento as dúbidas que a súa relación sentimental estaban a suscitar sobre o seu proceder profesional, e ofrecérase a acatar calquera medida que se considerase oportuna. Sinala, así mesmo, que a pesar de que non se apreciou incumprimento de legalidade, nin consta ningún feito que faga dubidar da actuación do profesor, o desexo de todos de evitar calquera posible conflito de intereses e eliminar calquera dúbida sobre o seu proceder, levounos a acordar que se evitarían os solapamentos entre as actividades profesionais destas dúas persoas. Isto materializouse no POD do próximo curso, no que o profesor participará noutras materias de grao, entre as que non se atopa a materia en cuestión. De todo isto notificase aos representantes do alumnado.

CASO 523/300 Data 19/06/2013

Reclamante: Alumna

Inicio: 19/06/2013

Remate: 26/06/2013

Motivo Síntese prexudicada polos cambios producidos nos requisitos da convocatoria de contratos predoutorais da UDC do 2013. Nesta convocatoria só poden optar aos contratos predoutorais as persoas que cumpran cos requisitos necesarios para o acceso ao doutoramento a partir do 1 de xaneiro de 2011, mentres que na convocatoria de 2012 podía optar quen cumprira os requisitos a partir do 30 de xuño de 2009. Pide igualdade de dereitos con respecto ás convocatorias de anos anteriores.

Actuacións Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Resolución O vicerreitor de Investigación e Transferencia informa á interesada de que se trata de acompañar as datas coas das outras convocatorias predoutorais existentes (Xunta, FPI e FPU), que fixan o 1 de xaneiro como punto de corte da antigüidade de acceso ao doutoramento. Sinala, tamén, que todo isto está en consonancia co novo período de tres anos para a realización da tese de doutoramento que impón o RD 99/2011 polo que se rexen actualmente os estudos de doutoramento, que é xa de plena aplicación para a defensa da tese desde febreiro de 2012. A resposta do vicerreitor á interesada remata sinalando que sempre que ocorren este tipo de modificacións (en parte debidas a cambios legislativos) hai unha primeira promoción que ve que ese cambio lle afecta por primeira vez. A reclamante manifesta a súa desconformidade ao valedor universitario e pregúntalle en que medida tería opcións de que se cambiasen as bases da convocatoria en caso de presentar un recurso. O valedor resume as condicións da nova convocatoria e indica á reclamante que, a pesar do desacougo que orixina unha perda de expectativas baseadas no que viña ocorrendo en anos precedentes, cada convocatoria é independente das anteriores e as bases das convocatorias poden mudar se o órgano competente así o acorda. Remata o seu escrito sinalando que ao non poder alegarse perda de dereitos adquiridos, na súa opinión non hai argumentos que puideran forzar un cambio das bases da convocatoria.

CASO 524/301 Data 03/07/2013

Reclamante: PAS	Motivo	Presentou unha reclamación á presidenta do tribunal dunhas probas selectivas notificando e argumentando a súa desconformidade con algunhas das preguntas por consideralas ambiguas, que están fora do temario ou que hai máis dunha resposta válida. Non está conforme con que na súa especialidade non se acepte ningunha das reclamacións formuladas e mesmo non se lle dean explicacións. A denegación de todas as reclamacións da súa especialidade xera desigualdades con outras especialidades, nas que si se aceptaron. Solicita que se anulen as preguntas en que haxa algún erro.
Inicio:05/07/2013		
Remate: 08/07/2013		
Actuacións		Presidenta do tribunal das probas selectivas.
Resolución		Tras analizar a normativa e falar coa presidenta do tribunal das probas, comunícaselle á interesada que o procedemento seguido e aplicado polo tribunal parece axustarse á legalidade vixente, e é o procedemento regulado para este tipo de probas no ámbito da administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Indícaselle tamén as canles previstas por se estimase oportuno a interposición dun recurso ou a impugnación das probas.

CASO 525/302 Data 23/07/2013

Reclamante: Alleo	Motivo	Solicitud de axuda por parte da nai dunha alumna de novo ingreso que sufriu un grave accidente que a deixou inmobilizada. A alumna solicitara como 1.ª opción unha titulación do campus de Ferrol e como 2.ª opción unha titulación do campus da Coruña. A raíz do accidente pasáronlle os prazos e, en calquera caso, a opción de Ferrol sería xa inviable tendo en conta dos coidados físicos e a atención que vai necesitar nos vindeiros meses.
Inicio: 24/07/2013		
Remate: 26/07/2013		
Actuacións		LERD e CIUG
Resolución		Desde o LERD, onde a nai da alumna xa expuxera o problema, remitiron un escrito á CIUG en que se explica o caso e se solicita a súa recuperación das listaxes da 2.ª opción, na que xa fora aceptada. Dado a grande preocupación da nai da alumna pola recuperación anímica da súa filla e tendo en conta os prazos, o valedor universitario contacta co representante da UDC na CIUG quen se interesa de inmediato polo caso. O asunto resólvese coa inclusión da alumna na seguinte listaxe.

CASO 526/303 Data 26/07/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Denéganlle unha bolsa de colaboración da UDC para formación complementaria. A pesar de encabezar todas as listaxes que ían saíndo, publícase unha segunda listaxe definitiva na que pasa a figurar como primeira suplente. Tiña un ano e oito meses de experiencia laboral, que non incluíu entre os seus méritos porque na administración lle informaron de que se a experiencia laboral non gardaba relación co campo de estudo nin se molestase en incluíla. O curso pasado quedara primeira suplente por un problema informático relacionado coa carga de documentos e, logo de explicalo, comentóuselle que non tiña solución. Ese mesmo problema produciuse tamén neste curso e ao solucionalo pasou de titular a suplente.
Inicio: 29/07/2013		
Remate: 31/07/2013		
Actuacións		SAPE e Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.
Resolución		Vista a convocatoria e analizadas as listaxes e resolucións que se produciron en relación con cada unha das bolsas solicitadas pola reclamante (aula net, formación en laboratorios e medio ambiente), o valedor solicita información do SAPE. Tras recibir unha contestación en que se pon de manifesto que houbo problemas coa aplicación informática e se sinala que "Dado que a convocatoria non especifica que o traballo teña que ver co obxecto das bolsas, valorouse toda experiencia acreditada por certificados/vida laboral, etc.", o valedor remite oficio á presidenta da Comisión de Extensión Universitaria, en que lle solicita unha atenta análise por parte da Comisión das causas alegadas pola interesada e que,

de consideralo xusto, se arbitren os mecanismos para que lle sexa outorgada unha bolsa de colaboración.

Entre outros aspectos, o valedor destaca no seu escrito que ao seu xuízo a valoración de toda experiencia acreditada aínda que non teña que ver co obxecto das bolsas non parece procedente nin esperable, mesmo a pesar do carácter xenérico co que se recolle na convocatoria (2.1. "Experiencia documentada: prácticas, traballo"). Polo tanto, mesmo se o espírito do apartado 2.1 da convocatoria fose o de premiar sen máis o desenvolvemento de calquera práctica ou o desempeño de calquera traballo, isto debería aparecer claramente especificado na convocatoria como unha especie de recoñecemento ao esforzo persoal e non como unha "Experiencia documentada: prácticas, traballo" formando parte dun conxunto de criterios ("Outros méritos") nos que se aprecia claramente que todos os demais teñen que ver coa formación académica dos candidatos...» O 10 de outubro, a reclamante diríxese de novo ao valedor para comunicarlle a concesión da bolsa e agradecerlle a súa intervención. O 31 de outubro, a vice-reitora de Estudantes, Deportes e Cultura comunica ao valedor que a intención, neste tipo de convocatorias, é a de considerar calquera experiencia laboral, aínda que sexa completamente allea á formación académica e ás tarefas de colaboración que se van desempeñar.

CASO 527/304 Data 23/08/2013

Reclamante: Alumna

Inicio: 27/08/2013

Remate: 23/10/2013

Motivo

Nun primeiro momento a alumna comunica un atraso na resolución dunha reclamación que presentara a primeiros de agosto. Tras recibir o acordo da comisión docente do centro, que desestima a súa reclamación, considéraa inxusta e carente de todo tipo de información en relación coa súa detallada demanda. Solicita a intervención do valedor universitario para clarificar o asunto, tendo en conta de que considera que se lle esixían coñecementos que non foran impartidos e que o profesor a estaba a xulgar con criterios persoais e subxectivos e a dispensarlle un trato desigual e discriminatorio.

Actuacións

Dirección do centro.

Resolución

Tras comentarlle á interesada a imposibilidade real de solucionar reclamacións dese tipo en pleno mes de agosto, dado que na súa resolución están implicadas comisións e que os seus integrantes se atopan oficialmente de vacacións, na segunda semana de setembro o valedor contacta coa decana para interesarse polas súas previsións de datas.

O acordo, por unanimidade, da Comisión de Docencia e Validacións, do 25 de setembro de 2013, é posto pola alumna en coñecemento do valedor o 7 de outubro, ao tempo que lle solicita a súa intervención. Con anterioridade, a alumna tiña xa interposto un recurso de alzada en relación con outra materia en que participaba o mesmo profesor.

Con data 10 de outubro de 2013, o valedor decide pedir á decana copia de toda a documentación que garde relación co caso: informes, actas e calquera outra información –directa ou indirectamente relacionada- que considere oportuno.

Analizada a documentación recibida (escrito de solicitude da alumna, informe da comisión do departamento e acordo da Comisión de Docencia e Validacións), o valedor entende que o informe da comisión do departamento parece máis ben un informe de parte pois semella sustentarse en información proporcionada polo profesor, sen entrar en ningún momento nas verdadeiras cuestións de fondo que constitúen a base da reclamación (avaliación de acordo cos contidos impartidos e garantías de equidade). O valedor considera tamén que cando alguén, coma no caso desta alumna, se considera inxustamente tratado, explica detalladamente as súas razóns e se manifesta disposto a someterse a calquera tipo de verificación (cotexo do impartido, comparación con outros exames) merece, cando menos, o beneficio da dúbida e unha axeitada comprobación do correcto ou do errado das súas afirmacións. Estas e algunhas outras consideracións son a base dun escrito que o valedor universitario remite á decana o 23 de outubro de 2013, e que remata sinalando: "...aconsello á reclamante a presentación dun recurso de alzada, na confianza de que, chegado o momento, se terán en conta estas suxestións."

ANÁLISE DE DATOS

Nesta sección inclúese unha pequena análise de datos sobre os casos presentados durante o curso académico 2012/13, apoiada por un pequeno soporte gráfico que permita ver facilmente a tipoloxía e a distribución dos casos por colectivos, órganos e servizos.

Para unha correcta interpretación dos resultados que aquí se presentan, cómpre ter en mente as seguintes consideracións:

- Non todas as consultas que chegan á Oficina do Valedor Universitario teñen a súa orixe nunha falla de atención por parte do centro ou do servizo ao que correspondería dar resposta.
- Non todas as queixas ou reclamacións que se presentan na Oficina responden necesariamente a unha mala actuación do órgano ou servizo contra o que se reclama.
- Aínda que boa parte da normativa que é de aplicación nos centros ten un carácter universal, os centros e os departamentos poden presentar unha certa especificidade en función do tipo de estudos que neles se imparten.
- En cada centro estase a impartir un determinado número de títulos de grao e posgrao que pode diferir moito duns centros a outros.
- O número de alumnos, PDI e PAS varía considerablemente segundo o centro.
- O número e as funcións do PAS varían considerablemente segundo o servizo.
- O grao de vinculación dos servizos centrais coas vicerreitorías en que se integran é moi diverso, polo que con frecuencia é difícil deslindar responsabilidades ante determinadas queixas ou reclamacións. Así, no tratamento de datos sobre casos relacionados cos servizos centrais e/ou as vicerreitorías, procederemos á súa agrupación por vicerreitorías.

DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR COLECTIVOS

95 **75%**

ESTUDANTES

13 **10%**

PDI

8 **6%**

PAS

11 **9%**

ALLEOS

1

VALEDOR UNIVERSITARIO

128

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CAMPUS

112 **87%**


A CORUÑA

16 **13%**

FERROL

128

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS POR COLECTIVOS

62 **74%**

ESTUDANTES

9 **11%**

PDI

3 **3%**


PAS

10 **12%**

ALLEOS

84

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE QUEIXAS POR COLECTIVOS

33 **77%**

ESTUDANTES

4 **9%**

PDI

5 **12%**

PAS

1 **2%**


ALLEOS

1

VALEDOR UNIVERSITARIO

44

TOTAL





DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR SEXO

CONSULTAS

	M	H
TOTAL	27	35
ALLEOS	3	7
PAS	1	2
PDI	4	5
ESTUDANTES	27	35

QUEIXAS

	M	H
TOTAL	21	22
ALLEOS	1	0
PAS	3	2
PDI	4	0
ESTUDANTES	13	20



- ESTUDANTES
- PDI
- PAS
- ALLEOS


DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÁREA TEMÁTICA

(C) CONSULTAS
(Q) QUEIXAS

ÁREA TEMÁTICA	ESTUDANTES		PDI		PAS		ALLEOS	
	C	Q	C	Q	C	Q	C	Q
Acceso, taxas e xestión académica	8	4	0	0	0	0	5	1
Validacións, adaptacións e recoñecementos	3	6	1	0	0	0	1	0
Organización e actividade docente	8	6	0	1	0	0	0	0
Exames e criterios de avaliación	26	4	2	0	0	0	0	0
Organización e actividade investigadora	2	1	0	1	0	0	1	0
Bolsas e axudas ao estudo	7	5	1	0	0	0	0	0
Oposicións e concursos	0	0	2	0	0	1	0	0
Comportamento	2	2	1	2	0	2	1	0
Infraestrutura e funcionamento dos servizos	0	2	0	1	0	0	1	0
Outros	8	3	1	0	2	2	1	0
TOTAL	64	33	8	5	2	5	10	1


CONSULTAS

Acceso, taxas e xestión académica
Validacións, adaptacións e recoñecementos
Organización e actividade docente
Exames e criterios de avaliación
Organización e actividade investigadora
Bolsas e axudas ao estudo
Oposicións e concursos
Comportamento
Infraestrutura e funcionamento dos servizos
Outros




QUEIXAS

Acceso, taxas e xestión académica
Validacións, adaptacións e recoñecementos
Organización e actividade docente
Exames e criterios de avaliación
Organización e actividade investigadora
Bolsas e axudas ao estudo
Oposicións e concursos
Comportamento
Infraestrutura e funcionamento dos servizos
Outros




DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CENTROS

	CONSULTAS	QUEIXAS
E. POLITÉCNICA SUPERIOR	4	1
ETS DE ARQUITECTURA	4	3
ETS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	3	0
ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS	2	1
EU DE ARQUITECTURA TÉCNICA	14	8
EU DE DESEÑO INDUSTRIAL	2	1
EU DE ENFERMARÍA	1	0
EU DE RELACIÓNS LABORAIS	1	1
FACULTADE DE CIENCIAS	3	2
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN	5	3
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	7	4
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	1	0
FAC. DE CC. DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA	6	3
FACULTADE DE DEREITO	3	1
FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA	5	2
FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA	3	2
FACULTADE DE FILOLOXÍA	1	0
FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN	2	2
FACULTADE DE INFORMÁTICA	5	1
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA	3	1
TOTAL	75	36




DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA

	CONSULTAS	QUEIXAS
SECRETARÍA XERAL	1	0
VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, DEPORTES E CULTURA	1	1
VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA	0	1
VIC. DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUT.	1	1
VIC. DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS E COOPERACIÓN	0	1
VIC. DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS	4	1
XERENCIA	2	3
TOTAL	9	8




DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS




TEMPO DE RESOLUCIÓN DOS CASOS

1 A 7 DÍAS	100	78%
7 DÍAS A 1 MES	20	16%
1 A 3 MESES	6	5%
+ 3 MESES	2	1%



NÚMERO DE ACTUACIONES POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO

	2010 / 2011	2011 / 2012	2012 / 2013
ESTUDANTES	65	93	95
PDI	5	6	13
PAS	4	7	8
ALLEOS	5	14	11
VALEDOR UNIVERSITARIO	0	1	1
TOTAL	79	121	128



RECOMENDACIONES/ SUXESTIÓNS

Da análise dalgunhas das queixas derivanse recomendacións ou suxestións a distintos órganos ou servizos, aos que se lles solicita o seu concurso, ben para que velen polo cumprimento das normas, ben para que procedan á súa adaptación ou mellora (así acontece nos casos 484/261, 487/264, 490/267, 491/268, 494/271, 503/280, 506/283, 513/290, 514/291, 518/295, 519/296, 526/303 e 527/304).

OBXECTIVOS

As recomendacións e suxestións referidas no apartado precedente correspóndense en boa medida cun cumprimento parcial dos obxectivos propostos na anterior memoria para o curso 2012/13. O tempo de resposta dos órganos de goberno ante as reclamacións e os recursos mantense xeralmente dentro duns límites razoables, mais persisten aínda algunhas situacións enquistadas que seguen a causar serios prexuízos e cuxa solución se está a demorar en exceso. Un simple recordo sobre a necesidade de incrementar a calidade de diferentes convocatorias tratando de evitar un excesivo recurso á corrección de erros parece estar a dar algúns froitos. O contacto directo con órganos de goberno e representantes do alumnado contribuíu nalgunha medida a poñer remedio a diversas situacións de conflito, algunhas delas moi larvadas. A cultura da calidade vai calando na elaboración das guías docentes, que están sendo fonte de menos conflitos. A universidade dotouse a comezos do pasado curso dun procedemento de actuación que permite tratar as situacións de violencia psíquica ou física no traballo.

Sempre queda un labor importante por facer en todos estes eidos desde a Oficina do Valedor Universitario, polo que todos os que foron obxectivos do curso precedente seguen a selo para o actual. No entanto, nestes momentos considero que debemos poñer especialmente o

foco sobre dous aspectos que están intimamente unidos polo denominador común da **CRISE CON NOMES E APELIDOS**. Estoume a referir á expulsión de moitos estudantes do sistema universitario, quer por razóns anómalas (suspensos indebidos) quer pola necesidade de acudir ao mercado de traballo e tentar compatibilizar os estudos coa vida laboral ou familiar.

Hai vías para atallar os suspensos masivos indebidos. Cónstame que se está a traballar seriamente sobre ese tema, pero convén regulalo xa sen máis dilación. Cómpre tamén un labor de concienciación na que como valedor pretendo implicarme.

Se ata hai pouco se podían cursar a meirande parte dos estudos universitarios cunhas razoables garantías de calidade sen necesidade de acudir á aula, resulta difícil imaxinar que coa tecnoloxía actual non se poidan ofrecer alternativas nas guías docentes da inmensa maioría das materias. Entre os dereitos do estudantado universitario está o de poder compatibilizar a vida laboral ou familiar cos estudos, e entre as obrigas das universidades a de permitiren que isto se poida levar á práctica, dentro das súas posibilidades. Estou certo de que con boa vontade por parte de todos seremos quen de posibilitar na UDC o exercicio deste dereito na maior parte dos casos.

PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO

Na presentación perante o Claustro Universitario, o 4 de decembro, da memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico 2012/13 e dos obxectivos previstos para o curso 2013/14 –posta ao dispor dos claustrais cunha semana de antelación– o valedor universitario comentou brevemente os principais datos resumidos graficamente na memoria e advertiu que, para unha correcta valoración dos resultados cuantitativos por centro, deben terse en conta non só aspectos como o número de estudantes ou de titulacións impartidas nel, senón tamén a existencia, en ocasións, de membros da comunidade universitaria que concentran ao redor súa un considerable número de casos pola persistencia de situacións enquistadas ás que cómpre poñer remedio sen máis dilación.

Como obxectivos prioritarios da Oficina do Valedor Universitario para o curso académico 2013/14, o valedor fíxase o de velar pola erradicación dos suspensos

indebidos (suspensos masivos inxustos) e polo dereito das persoas a poderen conciliar os estudos coa vida laboral. A perda de bolsas e o incremento do prezo da matrícula poden acabar por expulsar do sistema moitos alumnos e, a pesar de a lexislación lles recoñecer o dereito a conciliar os estudos coa vida laboral e familiar, a realidade é que en moitos casos se atopan coa barreira dunhas guías docentes pouco ou nada adaptadas para tal fin.

Na medida das súas posibilidades, as universidades teñen a obriga de facer efectivo o exercicio do dereito á conciliación e, en moitos casos, hai bastantes máis posibilidades das que se están a dar. Non só a normativa, mais tamén o labor de concienciación do profesorado poden favorecer na práctica a consecución deste dereito e, tocante a este último aspecto, o valedor anuncia o seu compromiso de implicarse máis directamente para tentar de rachar coas inercias dunha parte do profesorado.

(Aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro)

CAPÍTULO VI **DO VALEDOR UNIVERSITARIO**

Artigo 103

1. O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades dos membros da comunidade universitaria.

2. O valedor universitario será nomeado, entre os membros da comunidade universitaria, polo claustro universitario, por maioría absoluta dos seus membros, cada catro anos. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas.

3. O valedor universitario non estará sometido a mandato imperativo ningún e actuará con plena autonomía e independencia de calquera órgano universitario.

Artigo 104

1. Correspóndelle ao valedor universitario:

Propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento.

Demandar das distintas instancias universitarias cando a información considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.

Elaborar cantos informes lle sexan solicitados ou considere oportuno emitir en relación coas actuacións en curso.

Efectuar as propostas que considere axeitadas para a solución dos casos que sexan sometidos ao seu coñecemento.

2. O valedor universitario non poderá actuar en relación con actos que esgotasen a vía administrativa ou contra os que se interpuxese recurso administrativo ou xurisdiccional.

3. O valedor universitario deberá presentar anualmente ante o claustro universitario unha memoria da súa actividade coas recomendacións e suxestións oportunas.

REGULAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 2

Aprobado polo Claustro na súa sesión do día 5 de maio de 2006

Preámbulo

En cumprimento do establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro) e no artigo 104.1.a) do Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG número 100, de 26 maio 2004), polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, a presente disposición normativa, aprobada polo Claustro da Universidade na súa sesión de 5 de maio do 2006, ten como finalidade regular a figura do valedor universitario como órgano independente encargado da defensa e da protección dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, e cuxas actuacións están sempre dirixidas a mellorar o funcionamento da Universidade da Coruña como servizo público.

Título I Disposicións xerais

Artigo 1

O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da Universidade da Coruña e tamén nas situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, mais sempre que así for requirido de común acordo polas partes implicadas.

Artigo 2

Na Universidade da Coruña, o valedor universitario, para os efectos de protocolo e de complemento retributivo, será equiparable a vicerreitor. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas coa Universidade.

Artigo 3

1. No exercicio das súas funcións, o valedor universitario non está sometido a mandato imperativo de ningún tipo, nin recibe instrucións de ningunha autoridade académica nin órgano de goberno unipersoal ou colexiado.

2. Co fin de mellorar a calidade universitaria en todos os seus ámbitos, o valedor universitario cumpre as funcións que ten encomendadas con independencia, con obxectividade e con autonomía no marco que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o resto do ordenamento xurídico.

3. A Universidade da Coruña garante a protección e o abeiro do valedor universitario por razón das súas actuacións. Ao valedor universitario non se lle poderá abrir un expediente nin se lle poderá sancionar por causa das opinións expresadas ou das accións realizadas no exercicio das súas funcións.

Título II Elección, nomeamento e cesamento do valedor universitario

Artigo 4

1. O valedor universitario será elixido polo Claustro da Universidade entre os membros da comunidade universitaria de recoñecida probidade e imparcialidade.

2. A duración do seu mandato será de catro anos e será posible a súa reelección consecutiva por unha soa vez.

Artigo 5

1. En representación do Claustro, a coordinación do proceso de elección do valedor universitario recae na Mesa do Claustro.

2. Por instancia da Mesa do Claustro, a elección do Valedor Universitario será convocada publicamente polo reitor nos dous meses inmediatamente anteriores á expiración do mandato do valedor universitario.

3. A convocatoria, que será comunicada a todos os membros do Claustro, establecerá a data e o lugar da votación, que deberá ter lugar 30 días lectivos despois da súa publicación. Na convocatoria publicarase tamén o

censo actualizado dos membros do Claustro e o calendario electoral.

Artigo 6

1. As candidaturas deberán estar secundadas, como mínimo, por 15 claustrais.

2. Na candidatura deberá facerse constar o nome e os apelidos da persoa que se presenta como candidata, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte e o centro ao que pertence e a súa sinatura de aceptación da candidatura. Igualmente, debe facerse constar o nome e os apelidos dos/as claustrais que presentan a candidatura, o sector e o centro ao que pertencen e a sinatura de cada unha delas.

3. O prazo de presentación de candidaturas será de oito días lectivos desde a publicación da convocatoria.

Artigo 7

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Mesa do Claustro procederá, no prazo máximo de tres días lectivos, a realizar a proclamación provisoria de candidatos.

2. Dentro do prazo de tres días lectivos a partir da data de proclamación provisoria de candidatos, poden presentarse reclamacións ou solicitudes de rectificación mediante un escrito dirixido á presidencia da Mesa do Claustro. As reclamacións e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de tres días lectivos, que se contarán desde a finalización do prazo de súa presentación.

3. Se non se presentaren reclamacións nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Mesa do Claustro procederá á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 8

1. A elección efectuarase por votación secreta dos claustrais.

2. Será elixido valedor universitario o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro en primeira volta.

3. No caso de varias candidaturas, se ningunha das persoas candidatas obtiver esa maioría, a Mesa do Claustro proclamará os dous candidatos máis votados e anunciará o día e a hora da segunda volta, que deberá ter lugar cando transcorran dous días lectivos desde a primeira volta. Será proclamado candidato electo en segunda votación o que obtiver o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro.

4. O reitor nomeará como valedor universitario a persoa candidata que resulte elixida.

Artigo 9

1. O valedor universitario finalizará o seu mandato polas seguintes causas:

a) Por propio pedimento.

b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en funcións ata que o Claustro elixa quen o vai suceder.

c) Por deixar de ser membro da Universidade da Coruña.

d) Por morte ou por incapacidade sobrevida para desempeñar as súas funcións.

e) Por moción de dúas terceiras partes do Claustro tras proposta do vinte por cento dos claustrais no caso de incumprimento das súas obrigas e dos seus deberes inherentes ao cargo. A solicitude de cesamento dirixida á Mesa do Claustro deberá indicar as causas polas que este se solicita, os nomes e os apelidos das persoas solicitantes, os números dos seus documentos oficiais de identidade ou pasaportes, o sector e o centro ao que pertenceren.

Por instancia da Mesa do Claustro, o reitor convocará nun prazo non superior a quince días lectivos, que hai que contar desde a presentación da solicitude de cesamento, unha sesión claustral que terá como único punto da orde do día a solicitude de cesamento do valedor universitario e enviará aos claustrais a proposta de cesamento.

Nesta sesión claustral intervirán unha das persoas solicitantes do cesamento e o valedor universitario, por unha soa vez e durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Claustro, que deberá serlles comunicado cun mínimo de sete días lectivos de antelación á realización desta sesión claustral. Finalizadas as súas intervencións, votarase a proposta de cesamento. Será necesario o voto das dúas terceiras partes dos membros do Claustro para que esta prospere. Se a proposta de cesamento prosperar, convocarase o proceso electoral previsto neste regulamento no prazo máximo dun mes, mais, se non prosperar, entón ningunha das persoas asinantes poderá promover unha nova solicitude ata que transcorra un ano desde a votación da primeira.

2. Nos casos de finalización do mandato polas causas a), c) e d) o Claustro Universitario iniciará no prazo máximo dun mes o proceso de elección dun novo valedor universitario de conformidade co procedemento previsto neste regulamento para a elección do valedor universitario. Mentres tanto, actuará como tal o/a catedrático/a en activo de maior idade e con máis antigüidade na

Universidade da Coruña que non desempeñe ningún cargo académico nin de goberno nin de representación. Tamén poderá actuar como tal no caso de que o valedor universitario se atope imposibilitado temporalmente para exercer as súas funcións ou deba absterse de intervir naquelas actuacións en que, como membro da comunidade universitaria, tivese intereses persoais.

Título III

Normas xerais de funcionamento

Artigo 10

O valedor universitario réxese pola Lei orgánica de universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña e o presente regulamento.

Artigo 11

A condición de valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de representación ou goberno universitario.

Artigo 12

1. O valedor universitario supervisará as actividades da Universidade dentro dos límites establecidos no artigo 1 deste regulamento e coidará, de oficio ou por instancia de parte, de que fiquen garantidos o pleno respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da Universidade da Coruña, para evitar situacións de indefensión ou de arbitrariedade. En ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial.

2. O valedor universitario poderá solicitar da administración universitaria a colaboración que considere axeitada para o desenvolvemento das súas funcións. Os órganos colexiados e unipersoais, así como os diversos servizos da Universidade da Coruña, deberán prestarlle a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións, dentro do prazo que fixe o valedor. Tamén poderá solicitar asistencia técnica xurídica dentro ou fóra da Universidade, caso de que a precise para a realización das súas funcións.

3. O valedor universitario poderá solicitar a súa asistencia como observador ás sesións de calquera órgano da Universidade, cando el considere que se tratan materias relacionadas coas súas funcións.

Artigo 13

A Universidade da Coruña proporcionará ao valedor universitario os medios materiais e persoais necesarios

para o cumprimento dos seus fins. A dotación económica necesaria para o seu funcionamento consignarase, cada ano, nos orzamentos da Universidade da Coruña, tras a proposta razoada presentada polo propio valedor.

Título IV

Procedementos de actuación

Artigo 14

O valedor universitario actúa de oficio ou por instancia de parte en todas as situacións que foren susceptibles de necesitar o seu abeiro. Na tramitación dos procedementos perante o valedor universitario seguiranse todas as garantías previstas legalmente para os procedementos administrativos.

Capítulo I

Por instancia de parte

Artigo 15

1. Calquera membro da Universidade da Coruña que invoque un interese lexítimo poderá dirixirse, sen ningunha restrición, ao valedor universitario.

2. As reclamacións formularaa a persoa interesada mediante a presentación dun escrito que conteña o seu nome e os seus apelidos, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte, o sector ao que pertence e o seu domicilio para os efectos de notificación. Nel deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario.

3. O escrito da reclamación presentarase con liberdade de forma, sen prexuízo da existencia de impresos que faciliten a presentación da reclamación por parte das persoas interesadas, que ademais poderán solicitar asesoramento para cubriren os impresos ou presentaren os seus propios escritos de reclamacións.

Artigo 16

1. O valedor universitario contará cun rexistro propio, non integrado no sistema xeral de rexistros da Universidade da Coruña, aínda que deberá estar en coordinación con el. Este rexistro terá carácter reservado co fin de garantir a confidencialidade dos asuntos tramitados e, especialmente, a identidade de quen formalice a solicitude de intervención do valedor universitario.

2. O valedor universitario rexistrará e emitirá un xustificante de recepción de todas as reclamacións

presentadas que admitirá ou non, motivadamente, no prazo máximo de quince días hábiles. Non admitirá as reclamacións anónimas, as formuladas con insuficiente fundamento ou inexistencia de pretensión e todas aquelas outras cuxa tramitación prexudiquen dereitos lexítimos de terceiras persoas.

3. Tampouco entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun proceso xudicial ou nun expediente administrativo. E suspenderá calquera actuación se, no transcurso da súa tramitación, se iniciar un procedemento administrativo ou se interpuxer demanda ou recurso perante os tribunais de xustiza.

Artigo 17

1. Admitida a reclamación, o valedor universitario adoptará as medidas de investigación que considere necesarias para o esclarecemento dos feitos. Nestes casos, dará conta do contido substancial do escrito á persoa ou ao órgano administrativo pertinentes para que, no prazo de quince días hábiles, fagan as alegacións oportunas, entreguen a documentación conveniente ou comparezan para informar. Se se obviasen tales requirimentos, o valedor universitario informará deles á autoridade universitaria que corresponda para esta proceder en consecuencia.

2. Ademais, durante esta fase de instrución, o valedor universitario poderá acudir a calquera dependencia da Universidade para comprobar todos os datos que fosen necesarios, facer as entrevistas persoais debidas ou proceder ao estudo da documentación necesaria. Para tales efectos, terá acceso a todo expediente ou documentación administrativa que teña relación coa investigación, sen prexuízo do que dispoña a lexislación vixente sobre a protección de datos persoais.

3. A información obtida durante a tramitación deste procedemento terá carácter estritamente confidencial.

Artigo 18

1. O valedor universitario resolverá no prazo de tres meses desde que foi presentada a reclamación.

2. Deberá notificarlles formalmente a súa resolución ás persoas interesadas. Tamén a comunicará ao órgano universitario afectado, coas suxestións ou as recomendacións que considere convenientes para a emenda, no seu caso, das deficiencias apreciadas.

3. As decisións e as resolucións do valedor universitario non teñen a consideración de actos administrativos e non serán obxecto de ningún recurso. Tampouco son xuridicamente vinculantes e non modificarán por si propias acordos ou resolucións emanadas dos órganos da Universidade da Coruña.

Capítulo II De oficio

Artigo 19

Se o valedor universitario tiver coñecemento fidedigno de feitos que puidesen attentar contra dereitos de calquera membro da comunidade universitaria, individual ou colectivamente, ou do mal funcionamento administrativo dalgunha unidade, pode iniciar unha investigación de oficio, de conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 deste regulamento, que daría lugar a un informe e que sería remitido ás partes interesadas ou ás autoridades universitarias correspondentes para repararen estes feitos ou erros.

Capítulo III De mediación e conciliación

Artigo 20

1. Con aceptación expresa das partes implicadas, o valedor universitario iniciará os actos de mediación e de conciliación conducentes á solución pactada dos conflitos que se produciren entre membros da comunidade universitaria.

2. As solicitudes de mediación e de conciliación formalizaranas as persoas interesadas no Rexistro do valedor universitario mediante escrito asinado polas dúas partes e en que se conteñan os seus datos persoais, os sectores aos que pertencen e os seus enderezos para os efectos de notificación. Nel concretaranse con clarezza os feitos que motivan a solicitude, o alcance da pretensión que se formula e o pedimento mediador ou conciliador que se dirixa ao valedor universitario.

3. O valedor universitario, no desenvolvemento da súa actuación, servirase dos medios que considere adecuados para lograr unha solución pactada do conflito. Os acordos que resultaren da sesión de mediación ou da de conciliación poderán recollese nunha acta que deberá figurar asinada polo valedor universitario e polas persoas que solicitaran a mediación ou a conciliación. Só terán carácter vinculante entre as partes implicadas os acordos adoptados en conciliación.

Título V Informes e recomendacións

Artigo 21

1. O valedor universitario poderá presentar perante os órganos colexiados da Universidade da Coruña os informes que entenda oportunos, por iniciativa propia ou cando así sexa requirido por unha quinta parte dos membros do órgano colexiado correspondente.

2. Tamén poderá formularlles aos distintos órganos da Universidade da Coruña recomendacións e suxestións sobre a protección dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, que en ningún caso poderán revisar ou revogar resolucións ou actos administrativos.

Título VI

Memoria anual

Artigo 22

1. O valedor universitario presentará nunha sesión do Claustro da Universidade unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña.

2. Na memoria anual non constarán datos persoais que permitan a identificación das persoas interesadas no procedemento de investigación.

3. Para coñecemento da comunidade universitaria, a memoria será divulgada e unha copia desta será enviada a todos os órganos colexiados e unipersoais da Universidade.

Título VII

Reforma do Regulamento do Valedor Universitario

Artigo 23

1. A modificación do presente regulamento compete ao Claustro da Universidade da Coruña.

2. A iniciativa para a modificación deste regulamento corresponde ao propio valedor universitario ou a un terzo dos membros do Claustro universitario. A iniciativa deberá ir acompañada da relación detallada dos preceptos e das disposicións cuxa modificación se propón e do seu texto alternativo.

3. A aprobación da modificación esixirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do Claustro, en sesión convocada para o efecto

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que ditaron os órganos da Universidade da Coruña, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto na presente normativa e sinaladamente o Regulamento da Comisión de Garantías, aprobado polo Claustro Universitario na súa sesión do 3 de abril de 2002.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa aprobación polo Claustro. O seu texto darase a coñecer entre a comunidade universitaria a través daqueles medios que garantan a súa difusión. Incluirase igualmente o seu texto nas memorias anuais que elabore o valedor universitario desde ese momento.